SALIR PREGOS TIPO GUÍA MARCO

# Guía marco de contratación e xestión de persoal aplicable no ámbito das Sociedades Públicas Autonómicas.

XUNTA DE GALICIA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Consellería de Economía e Facenda.

SALIR

INICIO

# GUÍA MARCO DE CONTRATACIÓN E DE PERSOAL

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

# GUÍA MARCO DE CONTRATACIÓN

**Intervención Xeral da Comunidade Autónoma**

# 1 LIMIAR.

O artigo 9 da Lei 10/1996 establece que "As fundacións e sociedades ás que se refire o artigo 1.b) e c) desta Lei, así como as entidades de dereito público ás que non fose de aplicación directa a lexislación de contratos das Administracións Públicas, axustarán a súa actividade en materia de contratación ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen na contratación das Administracións Públicas, salvo que a natureza da operación sexa incompatible con estes principios ".

O artigo 2 da mesma lei establece que "a selección de persoal das entidades, fundacións e sociedades mencionadas no artigo 1 será efectuada con respeto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria ".

Por Acordo do Consello da Xunta de 18 de marzo de 1999, ponse en marcha o Sistema Integrado de Información e Control Permanente da Xestión Económica de Sociedades e Fundacións Públicas, perfilándose como un conxunto de medidas tendentes a obter información da actividade das sociedades públicas.

O tempo transcorrido dende a súa aprobación e a experiencia adquirida no seu desenvolvemento diario, permiten obter un cadro de conxunto da xestión das sociedades públicas no que destaca a falta de uniformidade en canto ás solucións dadas individualmente polas sociedades para axustarse os devanditos principios da Lei 10/1996. As múltiples consultas plantexadas á Intervención Xeral en canto a aspectos concretos do procedemento e forma para cumpri-los devanditos principios de contratación, afondan nesta idea de falta de uniformidade.

Xurde así na Intervención Xeral a idea de proceder á elaboración dunha guía de procedementos de xestión en materia de contratación, aplicable ás sociedades públicas autonómicas, co propósito básico de simplificar e normaliza-la tarefa dos responsables de xestión das sociedades, sempre con respecto á autonomía de xestión propia das mesmas.

Ademais, a guía ten a virtualidade de explicitar os criterios e forma de entender a suxeición ós principios da Lei 10/1996 dada por Intervención

Xeral, e que ven aplicando dende a entrada en vigor do Acordo. Pode servir polo tanto de axuda a todos aqueles responsables que participan na xestión das sociedades públicas ou están interesados en coñecer os procedementos que lles resultan de aplicación.

### a) Procedementos en materia de contratación.

A especial referencia á contratación da Administración Pública que contén a lei 10/1996, constitúe unha referencia de cara a materializa-los principios establecidos na Lei autonómica e dotalos así de verdadeira efectividade. Neste senso, o criterio desta Intervención Xeral é que é preciso modula-la aplicación da Lei 10/1996 en cada unha das fases que integran a súa actividade contractual.

Así, na fase de preparación e adxudicación dos seus contratos, parece oportuno manter unha vinculación estricta ós procedementos de adxudicación que rexen na contratación das Administracións Públicas para deste xeito, cumpli-las Directivas comunitarias e garanti-lo dereito de igualdade dos contratistas para acceder ós contratos públicos, así como ós principios de economía e eficiencia do gasto público.

Polo contrario, no referido á fase de execución e extinción dos contratos, non existe a necesidade de cumpli-las Directivas comunitarias, posto que non regulan as devanditas fases. Sen embargo, a sumisión plena ó Dereito Civil desta fase de efectos e extinción podería favorecer incumprimentos da normativa xurídico pública.

A análise destes principios, permite extraer as seguintes conclusións:

***1.- O principio de publicidade, conleva determinadas esixencias tales como:***

- A necesidade de publicar anuncios que permitan proporcionar a necesaria información sobre os contratos.
- A obriga de delimitar os supostos que excepcionan a necesidade de publicar, establecendo con carácter taxativo a procedencia de

procedementos tales como o negociado sen publicidade, contratación menor, etc..

- A prohibición expresa do fraccionamento do obxecto contractual, para non desvirtua-lo seu cumprimento.

***2.- O principio de concorrencia conleva:***

- Unha axeitada publicidade, con indicación exacta sobre as prestacións que deban realizarse e as condicións ás que estean suxeitas, a fin de garanti-la igualdade no acceso ós contratos. Esto obriga á elaboración de pregos de condicións xurídicas e técnicas que delimiten o obxecto contractual.
- Especialmente nos procedementos restrinxidos, o anuncio ten por finalidade permitir ós contratistas que manifesten o seu interese polos contratos, solicita-las invitacións para licitar nas condicións requiridas.
- A prohibición de incluír nos pregos de especificacións técnicas, marcas, patentes, ou tipos, alusións a orixes ou produccións determinadas, que teñan por obxecto eliminar determinadas empresas ou productos.
- O carácter secreto das proposicións.

***3.- O principio de obxectividade require:***

- A inclusión nos pregos de condicións xurídicas dos criterios obxectivos de selección cualitativa e de adxudicación dos contratos.
- A selección do contratista por medio dunha comisión de selección, que realizará unha proposta de adxudicación, en base ós informes técnicos pertinentes e respetando os criterios de selección fixados nos pregos.

- Motivación, polo órgano de contratación, de tódalas adxudicacións que se aparten das propostas da comisión de selección.

Polo que respecta ás fases de execución e extinción, se ben as Directivas Comunitarias non regulan estas fases, deberá terse en conta que a necesidade de garanti-lo interese público que existe na execución dos mesmos, esixe o establecemento de determinadas cautelas. Non se trata de introducir por esta vía as prerrogativas contractuais, senón de reafirmar que, pese á suxeición ó dereito privado, a Administración Pública non pode desvincularse da súa condición de poder público e do seu carácter de servidora do interese público.

## b) Procedementos en materia de persoal.

A falla de desenvolvemento regulamentario da lei 10/1996, aconsella clarexar cuestións relativas a esta área, así como homoxeneiza-los criterios que deben inspira-la actuación dos entes e sociedades na materia de persoal. Contemplase así na presente guía a necesidade de elaboración de relacións de postos de traballo nas sociedades públicas, e explicítanse os criterios que a xuízo desta Intervención Xeral deben rexer a actuación destas entidades para dar cumprimento á normativa reguladora na materia de persoal.

SALIR

INICIO

# REQUISITOS DE CONTRATACIÓN


REQUISITOS DE CONTRATACIÓN
Competencia do órgano de contratación
Capacidade do contratista
Determinación do obxecto do contrato
Establecemento do prezo
Tramitación do expediente
Comunicación á S.X. de Control Financeiro
Formalización do contrato

# 2. DISPOSICIÓNS COMÚNS.

## 2.1 Fases de Preparación e Adxudicación.

### *Requisitos dos contratos.*

Os contratos que celebren as sociedades públicas deberán cumprir como mínimo os seguintes requisitos:

- Competencia do órgano de contratación, atendendo ó organigrama funcional da sociedade.
- A capacidade do contratista ou adxudicatario:

✓ Terán capacidade para contratar as persoas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que poderá ser substituído pola correspondente clasificación.

✗ En ningún caso poderán contratar as persoas nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

a) Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

b) Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera relativas que afecte á súa moralidade profesional.

c) Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

d) Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e diminuír segundo as disposicións legais vixentes.

e) Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

f) Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

g) Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas

- O obxecto dos contratos deberá de ser determinado e a súa necesidade xustificarase no expediente de contratación. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuir a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade, o procedemento ou a forma de adxudicación que corresponda.
- O establecemento dun prezo certo.
- A tramitación dun expediente, no que se incorporarán os pregos de condicións que rexen o contrato a celebrar e o importe do orzamento de gasto.
- A comunicación á Subdirección Xeral de Control Financeiro de Sociedades Públicas Autonómicas, de acordo co establecido no punto 4 do Acordo do Consello da Xunta, do 18 de marzo de 1999, polo que se implanta o Sistema Integrado de Información e Control Permanente.
- A formalización do contrato.

### *Garantías.*

As sociedades e fundacións públicas deberán establecer un réxime de garantías en defensa do interese xeral que preside a súa actuación. Este réxime de garantías deberá quedar recollido no prego de condicións xurídicas e ser respectado por tódolos licitadores. As contías depositadas polos contratistas en concepto de garantía provisional, responderán do mantemento das proposicións presentadas polos licitadores ata a adxudicación, e da proposición do adxudicatario ata a formalización do contrato. As garantías definitivas responderán das obrigas derivadas para o contratista pola execución do contrato; obrigas tales coma os

incumprimentos por demora, aplicación do réxime de penalidades, responsabilidade por vicios ou outras que se puidesen prever polo órgano de contratación.

### *Pregos de condicións xurídicas.*

Dado que os pregos de condicións xurídicas son o instrumento que garante o principio de obxectividade na contratación, deberán conter con carácter xeral para tódolos contratos, os seguintes datos:

**a)** Definición do obxecto do contrato.

**b)** Presuposto base de licitación.

**c)** Prazo de execución ou de duración del contrato, con determinación, no seu caso, das súas prórrogas que serán acordadas de forma expresa.

**d)** Procedemento e forma de adxudicación do contrato.

**e)** Gastos de publicidade do contrato que debe aboar o adxudicatario.

**f)** Documentos a presentar polos licitadores, así como a forma e contido das proposicións.

**g)** Criterios obxectivos para a adxudicación do concurso, por orde decrecente de importancia, e a súa ponderación.

**h)** Indicación expresa, de se-lo caso, da autorización de variantes ou alternativas, con expresión dos seus requisitos, límites, modalidades e aspectos do contrato sobre os que son admitidas.

**i)** Cando o contrato se adxudique mediante concurso, as regras de valoración para determinar que unha proposición non pode ser cumprida ó ser considerada temeraria ou desproporcionada.

**j)** Cando o contrato se adxudique por procedemento negociado os aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de negociación.

**k)** Garantías provisionais e definitivas.

**l)** Dereitos e obrigas específicas das partes do contrato.

**m)** Referencia ó réxime de pagamentos.

**n)** Regulamentación da revisión de prezos.

**o)** Causas de resolución do contrato.

**p)** Réxime de penalidades.

**q)** Prazos de recepción.

**r)** Prazo de garantía do contrato e especificación do momento en que comeza a transcorre-lo seu cómputo.

**s)** Os restantes datos e circunstancias que se esixan para cada caso concreto.

Para a elaboración dos devanditos pregos, as sociedades públicas autonómicas contarán co oportuno asesoramento técnico e xurídico.

### *Pregos de condicións técnicas.*

O prego de condicións técnicas particulares conterá, ó menos, os seguintes extremos:

- Características técnicas que deberán reuni-los bens ou prestación do contrato.
- Prezo de cada unha das unidades en que se descompón o orzamento e número estimado das unidades a subministrar.
- Se é o caso, requisitos, modalidades e características técnicas das variantes.
  - ✗ Para garanti-lo principio de concorrencia hai que ter en conta que, salvo que estea xustificado polo obxecto do contrato, non poderán incluírse no prego especificacións técnicas que mencionen productos dunha fabricación ou procedencia determinada ou procedementos especiais que teñan por efecto favorecer ou eliminar determinadas empresas ou determinados productos. Especialmente non se indicarán marcas, patentes ou tipos, nin se aludirá a unha orixe ou producción determinada. Nembargantes, cando non exista posibilidade de defini-lo obxecto do contrato a través de especificacións suficientemente precisas e intelixibles,

admitirase tal indicación se acompañan as palabras "ou equivalente ".

## *Publicidade.*

- Os principios de publicidade e concorrencia materialízanse na obriga de publicar anuncios nos medios de comunicación, así como na concesión dun prazo mínimo de dez días naturais para a presentación de solicitudes.
- Non será necesario cumprir estes trámites nos mesmos casos exceptuados pola lexislación de contratos das Administracións Públicas. En concreto, os límites cuantitativos establecidos pola Lei, para os contratos menores e o procedemento negociado sen publicidade por razón de contía, deberán ser respectados polas sociedades e fundacións públicas.

## *Proposicións.*

- As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.
- Suxeitaranse ó modelo que se estableza no prego de condicións xurídicas.
- A súa presentación presume a aceptación reflectida polo empresario do contido da totalidade das devanditas condicións sen salvidade algunha.
- Deberán ir acompañadas de toda a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos ós licitadores (personalidade e capacidade, solvencia, garantías e calquera outro esixido polo órgano de contratación para cada tipo de contrato).

As sociedades e fundacións públicas darán recibo ós presentadores das proposicións, no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e a data e hora da presentación, quedando reflictida esta información no correspondente rexistro de entradas da entidade.

## *Procedementos de adxudicación.*

- Aberto: Todo empresario interesado poderá presentar unha proposición.
- Restrinxido: Só poderán presentar proposicións aqueles empresarios seleccionados expresamente, previa solicitude dos mesmos.
- Negociado: O contrato será adxudicado ó empresario xustificadamente elixido, previa consulta e negociación dos termos do contrato.
  - ✓ Só procederá nos casos determinados para cada clase de contrato.
    - ⓘ O procedemento negociado, con ou sen publicidade, é un procedemento de adxudicación suxeito ás regras xerais da contratación (garantías, pregos, comisión de selección aínda que con carácter potestativo, etc.), exceptuando exclusivamente ás que fan referencia específica a outros procedementos e formas de adxudicación, e dicir, ós procedementos abertos e restrinxidos e á poxa e ó concurso. Ademais, tamén está suxeita á súa tramitación á regra específica de solicitude de tres ofertas.

## *Formas de adxudicación.*

Tanto no procedemento aberto coma no restrinxido, a adxudicación poderá efectuarse por poxa ou por concurso.

- A vantaxosa versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ó licitador que, sen exceder de aquel, oferte o prezo máis baixo.
- No concurso, a adxudicación recaerá no licitador que, en conxunto faga a proposición máis ventaxosa, tendo en conta os criterios que se estableceran nos pregos, sen atender exclusivamente ó prezo da mesma e sen prexuízo do dereito da parte contratante a declaralo deserto.

## *Comisión de selección.*

Para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido constituirase unha comisión de selección formada por un Presidente e varios vocais.

- ⓘ No procedemento negociado a constitución da comisión será potestativa.
- ⓘ Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da comisión, deberá motiva-la súa decisión.

Da proposta de adxudicación da comisión, así como de tódalas demais cuestións tratadas na reunión da mesma, deberá quedar constancia por medio da correspondente acta.

## *Prazo de adxudicación.*

- ✍ O órgano de contratación, unha vez emitidos os informes técnicos correspondentes, adxudicará o contrato no prazo máximo establecido no prego de condicións xurídicas a contar dende a apertura das proposicións.

## *Formalización.*

- ✍ O documento de formalización dos contratos será subscrito polo órgano de contratación e o contratista dentro do prazo máximo de trinta días naturais a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.
  - ✗ Non se poderá inicia-la execución do contrato sen a previa formalización, agás nos supostos contemplados no Real Decreto Lexislativo 2/2000.
  - ✗ Non se poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.

- Nos contratos menores, que se definirán posteriormente pola súa contía segundo o tipo de contrato, a tramitación do expediente só esixirá a autorización polo órgano competente e a incorporación ó mesmo da factura correspondente. Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin seren obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

## 2.2 Fase de execución.

- A execución dos contratos desenvolverase, sen prexuízo das obrigas que corresponden ó contratista, baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación, o cal, poderá dicta-las instruccións oportunas para o fiel cumprimento do estipulado.
- Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.
  - ⓘ As modificacións dos contratos deberán formalizarse conforme ó disposto no apartado K) das Disposicións Comúns.
  - ⓘ Cando coma consecuencia da modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo, procederase ó rexeneración da garantía para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación.
- A revisión de prezos nos contratos procederá cando o contrato estivese executado no 20% do seu importe e transcorrese un ano dende a súa adxudicación. O prego de condicións xurídicas deberá detallar a fórmula ou sistema de revisión aplicable.
- As sociedades e fundacións públicas velarán pola satisfacción do interese público que garanten, nos supostos en que os contratistas se demoren na execución dos contratos. En concreto procederán á aplicación do réxime de penalidades establecido nos pregos e contratos.

## 2.3 Fase de extinción.

- Os contratos extinguiranse por cumprimento ou por resolución.
- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto. En todo caso a súa constatación esixirá por parte do contratante un acto formal e positivo de recepción ou de conformidade, no prazo determinado no prego de condicións xurídicas.
- As causas de resolución serán as previstas no prego de condicións xurídicas.

SALIR INICIO

# DISPOSICIÓNS APLICABLES A CADA TIPO DE CONTRATO

## CONTRATO DE OBRAS

# CONTRATO DE OBRAS

## ESQUEMA PROCEDEMENTO



# ADXUDICACIÓN




COMPROBACIÓN DO REPLANTEO
INICIO DAS OBRAS
Modificados ou reformados
Redacción do proxecto
Audiencia ó contratista
Aprobación do expediente
Obras complementarias
Revisións de prezos
RECEPCIÓN
LIQUIDACIÓN
DEVOLUCIÓN

# 3.- DISPOSICIÓNS APLICABLES A CADA TIPO DE CONTRATO.

## 3.1 Contratos de obras.

### A) Obxecto.

Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto:

**h)** A construcción de bens que teñan natureza inmoble, tales coma estradas, ferrocarrís, portos, canais, presas, edificios, fortificacións, aeroportos, bases navais, defensa do litoral e sinalización marítima, monumentos, instalacións varias, así coma calquera outra análoga de enxeñería civil.

**i)** A realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo e do subsolo, coma dragaxes, sondaxes, prospeccións, inxeccións, corrección do impacto medioambiental, rexeración de praias, actuacións urbanísticas ou outros análogos.

**j)** A reforma, reparación, conservación ou demolición dos definidos nas letras anteriores.

### B) Contratos menores.

Terán a consideración de contratos menores aqueles cunha contía que non exceda de 5.000.000 de pesetas.

ⓘ A tramitación do expediente só esixirá a autorización do órgano competente, a incorporación da factura e o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia de proxecto cando normas específicas así o requiran.

### C) Proxecto.

Os proxectos de obras deberán comprender, ó menos:

**a)** Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada.

**b)** Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que obra quede perfectamente definida, así coma os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais e servicios afectados pola súa execución.

**c)** prego de condicións técnicas onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma en que esta se levará a cabo, da medición das unidades executadas e o control de calidade e das obrigas de orde técnico que correspondan ó contratista.

**d)** Un orzamento con expresión dos prezos unitarios, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

**e)** Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, de tempo e custo.

**f)** As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

**g)** estudio de seguridade e saúde.

- ⓘ Nembargantes os proxectos das obras de primeiro establecemento, reforma ou gran reparación, inferiores a 20.000.000 de pesetas só deberán conter, como requisitos mínimos un documento que defina con precisión as obras e as súas características técnicas e un orzamento con expresión dos prezos unitarios e descompostos.
- ⓘ A contratación conxunta de elaboración de proxecto e execución das obras correspondentes terá carácter excepcional.

### D) Replanteo do proxecto.

Aprobado o proxecto, e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra procederase a efectuar o dispoñibilidade do mesmo o cal consistirá en comproba-la realidade xeométrica da mesma e a disponibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en tódolos procedementos. Así mesmo, deberanse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato a celebrar.

## E) Publicidade.

✍ Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na obriga de publicar anuncios nos medios de comunicación, así como na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de solicitudes.

## F) Procedemento negociado sen publicidade.

✍ Poderá empregarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorra algunha das circunstancias seguintes, que haberán de xustificarse no expediente:

- ✓ Cando o contrato non chegase a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.
- ✓ Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, a execución das obras só poida encomendarse a un determinado empresario.
- ✓ Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.
- ✓ Cando se trate da repetición de obras similares a outras adxudicadas por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que as primeiras sexan conformes ó proxecto base e se incluísen no anuncio do citado procedemento ou restrinxido e computado o seu importe para fixar a contía total do contrato. Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial.
- ✓ Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se confíe ó contratista da obra principal, de acordo cos prezos que

rexen no contrato primitivo ou que, no seu caso, fosen fixados contradictoriamente.

ⓘ Para a aplicación deste suposto, as obras complementarias non poderán separarse técnica ou economicamente do contrato primitivo, estarán formadas ó menos nun 50% do presuposto por unidades de obra do contrato principal e o importe acumulado das mesmas non superará o 20% do prezo primitivo do contrato. De non cumprirse estes requisitos, as obras deberán ser obxecto de contratación independente.

✓ Os de orzamento inferior a 10.000.000 de pesetas.

## G) Execución.

- A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo.
- As obras executaranse con estricta suxeición ás estipulacións contidas no prego de condicións xurídicas e ó proxecto que serve de base ó contrato.

## H) Modificacións.

Cando sexa necesaria unha modificación do proxecto de obras, iniciarase o correspondente expediente, coas seguintes actuacións:

- Redacción do proxecto e aprobación do mesmo.
- Audiencia do contratista. Se este non aceptase os prezos fixados polo órgano de contratación, poderá procederse a contratar cun terceiro por medio do procedemento negociado sen publicidade, sempre que o seu importe non exceda do 20% do prezo primitivo do contrato.
- Aprobación do expediente.

# DISPOSICIÓ NS APLICABLES A CADA TIPO DE CONTRATO

## CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓ NS

## CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓNS

### ESQUEMA PROCEDEMENTO



# ADXUDICACIÓN




EXECUCION
RECEPCIÓN
MODIFICACIÓN DO CONTRATO
SISTEMA DE ABOAMENTOS
CONTA OU PAGAMENTO ÚNICO
REAXUSTE DE GARANTÍAS
LIQUIDACIÓN
Periodo de garantía
DEVOLUCIÓN FIANZA

## 3.2 Contrato de subministración.

### A) Obxecto.

- Entenderase por contrato de subministración o que teña por obxecto a compra, o arrendamento financeiro, o arrendamento, con ou sen opción de compra, ou a adquisición de productos ou bens mobles.
  - A adquisición de programas de ordenador considerarase contrato de servicios.
  - Terá a consideración de subministración o mantemento de equipos e sistemas para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas cando se contrate conxuntamente coa adquisición ou o arrendamento.

### B) Contratos menores.

- Terán a consideración de contratos menores as subministracións cunha contía que non exceda de 2.000.000 de pesetas.

### C) Publicidade.

- Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na obriga de publicar anuncios nos medios de comunicación, así como na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de solicitudes.
- Poderá empregarse o procedemento negociado sen publicidade previa cando concorran algunhas das circunstancias seguintes que haberán de xustificarse no expediente:
  - ✓ Cando o contrato non chegase a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.
  - ✓ Cando os productos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación, estudio ou desenvolvemento, non aplicándose esta condición á producción en serie destinada a

establecer a viabilidade comercial do producto ou recupera-los custos de investigación e desenvolvemento.

✓ Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos exclusivos, tan só poida encomendarse a fabricación ou subministración do producto en cuestión a un único provedor.

✓ Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.

✓ As entregas complementarias efectuadas polo perecedoiros inicial que constitúan ben unha reposición de subministracións ou instalacións de uso corrente ou ben unha extensión das subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de proveedor obrigaría á parte contratante a adquirir material que posúa características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e mantenemento desproporcionadas.

ⓘ A duración destes contratos, así como a dos contratos renovables non poderá ser superior a tres anos.

✓ As que se refiren a bens cunha uniformidade declarada necesaria para a súa utilización pola sociedade ou fundación pública, sempre que a adquisición inicial fose realizada en virtude de concurso.

✓ As de bens de contía inferior a 5.000.000 de pesetas, límite que se eleva a 8.000.000 de pesetas para os supostos de fabricación con arrreglo a características prefixadas.

✓ As de adquisicións de productos consumibles, perecederos ou de fácil deterioro de contía inferior a 10.000.000 de pesetas.

✓ Nas adxudicacións dos contratos que sexan consecuencia dun acordo ou contrato marco.

SALIR INICIO

# DISPOSICIONES APLICABLES A CADA TIPO DE CONTRATO

## CONTRATO DE CONSULTORÍA, ASISTENCIA E DE SERVICIOS

## CONTRATO DE CONSULTORÍA, ASISTENCIA E DE SERVICIOS

### ESQUEMA PROCEDEMENTO



SALIR INICIO

# ADXUDICACIÓN




EXECUCION
RECEPCIÓN
MODIFICACIÓN DO CONTRATO
SISTEMA DE ABOAMENTOS
CONTA OU PAGAMENTO ÚNICO
REAXUSTE DE GARANTÍAS
LIQUIDACIÓN
Periodo de garantía
DEVOLUCIÓN FIANZA

## 3.3 Contrato de consultoría e asistencia e de servicios.

### Obxecto.

- Son contratos de illada e asistencia aqueles que teñan por obxecto estudiar e elaborar informes, estudios, plans, anteproxectos, proxectos de carácter técnico, organizativo, económico ou social, así como a dirección, supervisión e control da execución e mantenemento das obras, instalacións e da implantación de sistemas organizativos.
- Son contratos de servicios aqueles nos que a realización do seu obxecto sexa:
  - ✓ De carácter técnico, económico, industrial, comercial ou calquera outro de natureza análoga sempre que non se atopen comprendidos nos contratos de consultoría e asistencia.
  - ✓ Complementario para o funcionamento da sociedade.
  - ✓ De mantenemento, conservación, limpeza e reparación de bens, equipos e instalacións.
  - ✓ Os programas de ordenador desenvolvidos a medida para a sociedade, que serán de libre emprego pola mesma.
  - ✓ A realización de enquisas, tomas de datos e outros servicios análogos.

### Requisitos de capacidade.

- As empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos Estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente. Ademais deberán dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

## Duración.

- Os contratos de consultoría e asistencia e os de servicios non poderán ter un prazo de vixencia superior a dous anos, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, nin estas poidan ser concertadas aillada ou conxuntamente por un prazo superior ó fixado orixinariamente.

## Contratos menores.

- Terán a consideración de contratos menores cando a súa contía non exceda de 2.000.000 de pesetas.

## Publicidade.

- Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na obriga de publicar anuncios nos medios de comunicación, así como na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de solicitudes.

## Procedemento negociado sen publicidade.

- Poderá empregarse o procedemento negociado sen publicidade previa nos seguintes supostos, que haberán de ser xustificados debidamente no expediente:
  - ✓ Cando o contrato non utilización a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.
  - ✓ Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos exclusivos, tan só poida encomendarse o obxecto do contrato a un único empresario.

- ✓ Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecimientos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.
- ✓ Os estudios, servicios ou traballos complementarios que non figuren no proxecto, nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se confíe ó contratista principal de acordo cos prezos que rexen para o contrato inicial ou, no seu caso, fosen fixados contradictoriamente.

  ⓘ Estes traballos non poden separarse técnica ou economicamente do contrato principal, e o importe acumulado dos mesmos non superará o 20% do importe do contrato primitivo.

- ✓ Cando se trate da repetición de estudios, servicios ou traballos similares a outros adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que os primeiros se incluísen no anuncio do devandito procedemento aberto ou restrinxido e computado o seu importe para fixa-la contía total do contrato. Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial.
- ✓ Os que se refiren a contratos de servicios cunha uniformidade declarada necesaria para a súa utlización común pola sociedade ou fundación pública, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente en virtude de concurso.
- ✓ Os de orzamento inferior a 5.000.000 de pesetas.

# 4 APLICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA, DO 18 DE MARZO DE 1999, POLO QUE SE ESTABLECE O SISTEMA INTEGRADO DE INFORMACIÓN E CONTROL PERMANENTE DE XESTIÓN ECONÓMICA DE SOCIEDADES E FUNDACIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O punto 4 do Acordo establece que serán obxecto de comunicación preceptiva á Intervención Xeral as decisións que supoñan a realización dun gasto para as sociedades e fundacións públicas en materia de contratos de obras, subministracións, asistencias técnicas e contratos patrimoniais, agás nos casos nos que a súa contía non exceda de 1.100.000 pesetas. A devandita comunicación efectuarase cando exista unha proposta de adxudicación, previa á sinatura do contrato.

A Intervención Xeral, emitirá un informe dirixido ó órgano de goberno da entidade nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a recepción da comunicación. O devandito informe non terá en ningún caso natureza de fiscalización previa.

# GUÍA MARCO DE PERSOAL

**Intervención Xeral da Comunidade Autónoma**

## 5 1.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

O artigo 3º da Lei 10/96 sinala que "A plantilla dos entes enumerados no artigo anterior terá que ser aprobada polo órgano superior de dirección. A contratación de persoal será decidida polo órgano correspondente sinalado nos seus propios Estatutos."

Neste senso, faise preciso o establecemento da obriga de elaboración polas sociedades públicas dun cátalogo de postos de traballo regulamentando o contido mínimo do mesmo co obxecto de facilitar e axilizar a xestión de persoal fortalecendo, ó mesmo tempo, o sistema de control interno da entidade nesta área e introducindo un elemento clave no control orzamentario da masa salarial.

As sociedades públicas autonómicas deberán proceder á elaboración dun catálogo de postos de traballo que debe conter como mínimo as seguintes previsións:

**a)** Centros de traballo, no seu caso.

**b)** Código numérico e alfanumérico de cada posto de traballo.

**c)** Denominación do posto de traballo.

**d)** Categoría profesional e/ou titulación mínima esixible.

**e)** Descrición sucinta do contido e funcións do posto de traballo.

**f)** Dependencia orgánica e/ou funcional.

**g)** Nome e apelidos da persoa que desempeña o posto de traballo ou indicación de que a praza está vacante.

**h)** Modalidade contractual.

**i)** Indicación de se a praza está dotada ou non orzamentariamente.

**j)** Retribución anual máxima do posto de traballo, informada e autorizada polas Consellerías de Economía e Facenda e Presidencia e Administración Pública, desglosando os distintos conceptos retributivos, incluindo os de carácter variable.

A cumplimentación do primeiro catálogo referirase á plantilla a 1 de xaneiro de 2001 e remitirase en soporte físico e magnetico á Intervención Xeral para o seu coñecemento.

Por outra banda, ós efectos dunha axeitada xestión de persoal, os datos incluidos no catálogo deberán estar permanentemente actualizados, deixando constancia expresa dos cambios que se introduzan a partir da confección do primeiro catálogo. Serán obxecto de comunicación á Intervención Xeral as devanditas modificacións- a excepción das que se refiren ós puntos g) e h ) enumerados anteriormente- para a súa toma de razón.

SALIR INICIO

# Procedemento de selección de persoal




A
Anuncio público
Desarrollo procedemento
Realización de probas
Valoración de méritos
Proposta de resolución
Comunicación á
Intervención Xeral
Informe
I.X.
Resolución final do
proceso de selección
polo órgano competente
Formalización do
contrato.
Publicidade
Resolución.

SALIR

INICIO

# Procedemento de selección de persoal temporal



# 6 2. -SELECCIÓN DE PERSOAL

O artigo 2º da lei 10/1996 , de 5 de novembro, preceptúa que "A selección de persoal das entidades, fundacións e sociedades mencionadas no artigo 1º efectuarase con respecto ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. "

A concreción para a aplicación efectiva destes principios legais, en defecto de desenvolvemento regulamentario, fai preciso definir ós parámetros de actuación que deben informar os procedementos que polas sociedades e fundacions públicas se sustancien na área que nos ocupa.

A análise do capítulo II da antedita lei permite diferenciar tres supostos na selección de persoal:

- Selección de persoal de plantilla.
- Selección de persoal temporal.
- Selección de persoal de alta dirección.

## 2.1. SELECCIÓN DE PERSOAL DE PLANTILLA.

O artigo 4º da lei 10/1996 dispón "A estes efectos, para a selección do seu persoal de plantilla, será necesario un anuncio público de convocatoria, que se efectuará no Diario Oficial de Galicia e, cando menos, nun diario de difusión xeral cunha antelación respecto ás probas de, como mínimo, un mes, e a selección será efectuada por unha comisión designada ó efecto ".

No proceso de selección de persoal de plantilla teranse en conta as seguintes diretrices:

1. inicio do procedemento terá lugar cando xurda a necesidade de cubrir unha praza dentro da relación de postos de traballo da entidade. No caso de que esta necesidade determine a creación dunha nova praza ou a modificación da relación de postos de traballo

existente, deberá terse en conta as previsións contidas na parte III desta Guía.

- ⓘ A dita necesidade se comunicará ó órgano que teña atribuída a competencia para decidir acerca da cobertura da praza en cuestión.

**2.** O responsable da unidade competente de acordo coa estructura orgánica da entidade elaborará unha proposta das bases de convocatoria na que se incluirá, como mínimo:

**a)** Número e denominación das prazas obxecto de cobertura.

**b)** Requisitos mínimos esixidos para o acceso ás mesmas.

**c)** Documentación que deben aportar os aspirantes, así como prazo e o lugar e prazo de presentación das solicitudes.

**d)** Normas que regulamenten a composición e funcionamento da comisión de selección.

- ⓘ Estímase procedente a configuración mixta das comisións de selección que se nomeen a tal efecto, puidendo interesa-la participación do personal funcionario ó servicio da Xunta de Galicia, persoal docente das Universidade Públicas, e representantes dos traballadores elixidos polo comité de empresa, no seu caso. No caso en que a composición efectiva da comisión de selección non se incorporara as bases da convocatoria publicada, nesta última deberá indicarse o taboeiro de anuncios ou outro medio de comunicación polo que se lle dará a coñecer ós interesados a devandita composición.

**e)** Fases nas que se divide o proceso selectivo, con indicación expresa dos baremos e  probas que as compoñen.

- ⓘ En todo caso, os baremos deberán ser obxectivos, dando cumprimento efectivo ós principios de mérito e capacidade e debendo constar as valoracións e ponderacións asignadas ós distintos conceptos que os integran.
- ⓘ As probas que se celebren, sexan de carácter teórico ou práctico, gardarán en todólos casos relación directa coas características e contido da praza obxecto de cobertura. En todo

caso, deberá xuntarse o contido do temario sobre o que versen as probas a celebrar.

**f)** Indicación do taboeiro de anuncios ou medio de comunicación onde se efectuen as sucesivas publicacións.

**g)** Indicación expresa das reclamacións que procedan, sinalando o órgano ante o que proceda a súa presentación e o prazo para as interpor.

**3.** A proposta definitiva das bases da convocatoria será obxecto de comunicación á Intervención Xeral. Este centro emitirá, con carácter facultativo e sobre a revisión efectuada, un informe no que se expresará, entre outros extremos, a súa opinión sobre o respecto dos principios de preceptivo cumprimento dirixido ó órgano de goberno da entidade. Este informe non terá carácter vinculante.

**4.** O órgano competente aprobará, no seu caso, a devandita proposta e acordará a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e, polo menos, nun diario de difusión xeral.

ⓘ En todo caso, os responsables das entidades deberán analizar a tiraxe dos distintos medios de comunicación no ámbito autonómico galego co obxecto de dar cumprimento o requisito de difusión xeral.

**5.** A entidade adoptará as medidas necesarias para garanti-lo axeitado rexistro e arquivo das instancias recibidas, así como, de cada unha das probas e de tódala documentación e antecedentes que integren o proceso selectivo. Neste senso, da constitución e posteriores sesións celebradas pola comisión xulgadora deberá quedar suficiente acreditación documental levantándose as correspondentes actas.

**6.** As entidades soamente poderán recaba-los servicios dunha empresa externa de selección de persoal en circunstancias excepcionais, cando a estructura e os medios personais e materiais da entidade non permite asumir a carga de traballo derivada dalgunha das fases integrantes do proceso selectivo. Nestes casos, deberá establecerse nos pregos de contratación tódalas normas necesarias para que a empresa adxudicataria garanta fielmente o cumprimento dos principios da lei 10/1996 e as demais previsións contidas nesta Guía,

debendo aportar aquela a xustificación documental suficiente de cada un dos trámites que realice.

## 2.2. SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL.

O artigo 7º da Lei 10/1996 dispón que:

"1. A celebración de contratos laborais de duración determinada debe ser autorizada polo órgano superior de dirección, e en ningún caso poderá dar lugar a contratos indefinidos. A convocatoria poderá efectuarse mediante anuncio público, e a comisión de selección formulará proposta razonada, entre as persoas que se presenten en virtude de dito anuncio ou entre as incluidas nas listas do INEM ou de outros servicios de colocación legalmente autorizados.

2. Nembargantes o disposto no apartado anterior, as entidades a que se refire o artigo 1º poderán acollerse a un sistema de listas previo por categorías. As ditas listas confeccionarase, previo pertinente anuncio público, de conformidade co baremo aprobado pola entidade respectiva. "

No cumprimento deste artigo deberán observarse as seguintes directrices:

1. As prevencións relativas ó anuncio público recollidas no artigo descrito materialízanse a través da publicación da convocatoria nun diario de difusión xeral.

   ✓ Asimesmo, estímase procedente a publicación no Diario Oficial de Galicia, atendendo, en cada caso, as circunstancias que concorran na convocatoria, en particular, cando a convocatoria teña por obxecto a confección de listas previas para a totalidade ou meirande parte das categorías profesionais da entidade, coa finalidade de favorecer a maior concorrencia posible.

2. O trámite do anuncio público poderá ser substituido pola solicitude formulada pola entidade ó INEM ou a outro servicio de colocación legalmente autorizado. A partir da relación de aspirantes facilitada polos anteriores servicios, sustanciarase un proceso selectivo en

idénticos termos e coas mesmas garantías que na selección de persoal temporal efectuada en virtude de anuncio público.

**3.** Cando a entidade opte pola elaboración de listas por categorías profesionais deberán observarse os seguintes criterios:

**a)** O anuncio da convocatoria das listas ou ficheros que se confeccionen deberá indica-la vixencia que terán as mesmas, que con carácter xeral, non será superior ós 12 meses. Transcorrido o devandito prazo, serán obxecto de actualización ou renovación a través de convocatoria pública. Asimesmo, poderá establecerse un número máximo de aspirantes a incluir en cada lista ou categoría, en función da valoración previa dos recursos que se estimen suficientes para a cobertura das necesidades durante o período de vixencia das listas.

**b)** Unha vez baremadas tódalas solicitudes admitidas a trámite elaboraranse as respectivas listas clasificando ós aspirantes en orde descendente á puntuación obtida.

**c)** As comunicacións ós candidatos efectuaránse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado. Nembargantes, nos supostos nos que a premura na vinculación xustifique a comunicación telefónica, deberá quedar constancia da data e da hora en que cada aspirante sexa requirido, levando un libro rexistro de chamadas efectuadas.

**d)** En todo caso, na creación dos ficheros con datos de carácter persoal deberá cumplirse a normativa que regulamenta esta materia, sendo aplicable, en todo caso, a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal.

ⓘ As bases da convocatoria para a selección de persoal de carácter temporal deberán respectar o contido mínimo sinalado no anterior epígrafe 2.1, sendo obxecto igualmente de comunicación á Intervención Xeral nos termos expostos para a selección de persoal de plantilla cando a convocatoria teña por finalidade a confección de listas previas por categorías.

## 2.3 SELECCIÓN DE PERSOAL DE ALTA DIRECCIÓN.

O artigo 5º da Lei 10/96 preceptúa que "A contratación de persoal de alta dirección someterase ós principios de mérito e capacidade, entre persoas que amosasen a súa cualificación profesional. "

A estos efectos, teñen a consideración de persoal de alta dirección as persoas que desempeñen postos de traballo que reúnan os seguintes requisitos:

**a)** Que exerciten poderes inherentes á titularidade da empresa que se inclúan no círculo de decisións fundamentais ou estratéxicas, con independencia de que exista ou non un acto formal de apoderamento.

**b)** Os poderes han de referirse ós obxectivos xerais da entidade, o que supón que as facultades outorgadas ademáis de afectar a áreas funcionais de indiscutible importancia para a vida da empresa, teñen que ser referidas normalmente á íntegra actividade da mesma ou a aspectos trascendentais dos seus obxectivos.

**c)** O alto directivo ten que actuar con autonomía e plena responsabilidade, isto é, cunha marxe de independencia únicamente limitado polos criterios ou directrices dos órganos superiores de goberno e administración da entidade, polo que non toda persoa que asuma funcións directivas na empresa pode ser cualificado como alto directivo, xa que ha de excluirse a aqueles que reciban instruccións de outros órganos delegados de dirección da entidade empleadora.

Únicamente cando se verifique a concorrencia dos requisitos anteriores se poderá acudir á figura contractual obxecto de análise, quedando eximida a entidade do requisito xeral de publicidade.

## 7 3 INCOMPATIBILIDADES.

O artigo 8 da lei 10/96 preceptúa que "O persoal das entidades, fundacións e sociedades a que se refire o artigo 1º da presente lei estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que se deriven da súa condición dacordo co réxime xeral que lle sexa de aplicación. "

Ós efectos anteriores, o persoal das sociedades públicas está sometido ás seguintes leis,e as súas normas de desenvolvemento :

**a)** A lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servicio das Administracións Públicas , á que se suxeita:

- O persoal ó servicio das entidades e corporacións de dereito público nas que os orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50% con subvencións ou outros ingresos procedentes das Administracións Públicas.
- O persoal que preste servicios en Empresas nas que a participación do capital, directa ou indirectamente, das Administracións Públicas sexan superiores ó 50 %.

**b)** A lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de membros da Xunta e altos cargos da Administración. Esta lei inclúe dentro do seu ámbito de aplicación:

Ós presidentes, directores xerais, directores executivos, directores técnicos e titulares de outros postos ou cargos asimilados, calquera que sexa a súa denominación, en entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración autonómica, cando o nombramento sexa efectuado por decisión do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus órganos de Goberno.

Os presidentes, directores xerais e asimilados das empresas públicas, sociedades ou fundacións nas que a Xunta de Galicia, directa ou

indirectamente, participe ou aporte máis do 50% do capital ou patrimonio, cando tales cargos sexan designados previo acordo do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.

# 8 4 MODALIDADES CONTRACTUAIS DE DURACIÓN DETERMINADA.

O artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo , desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, regula as seguintes figuras contractuais de duración determinada:

Contrato para obra ou servicio determinado.

Contrato eventual por circunstancias da producción.

Contrato de interinidad.

As sociedades públicas autonómicas, no emprego das devanditas modalidades contractuais, deberán observar os seguintes criterios que informan e delimitan o seu ámbito de aplicación:

## 4.1 Contrato para obra ou servicio determinado:

O obxecto destes contratos é a realización dunha obra ou a prestación dun servicio determinado, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e a execución da cal, aunque limitada no tempo é ,en principio, de duración incerta.

A esencia do devandito contrato radica en que a obra debe presentar sustantividade o autonomía dentro da empresa , de tal xeito que a actividade normal ou permanente da entidade non pode ser atendida polo persoal contratado baixo a figura contractual que é obxecto de análise. Neste senso, a necesidade á que se pretende dar cobertura mediante esta modalidade contractual, debe quedar satisfeita coa terminación da obra ou servicio.

Os contratos para obra ou servicio determinado deberán formalizarse necesariamente por escrito, especificando e identificando suficientemente, con precisión e claridade a obra ou servicio que constitúa o seu obxecto. Non se entende cumprido o requisito de

identificación se en lugar do obxecto se mencionan os traballos ou tarefas propios dunha categoría profesional.

A utilización desta figura contractual para a cobertura de vacantes , establecéndose como causa de extinción a incorporación á praza do persoal titular , constitúe unha irregularidade formal –non fraudulenta- que non afecta o seu carácter temporal nen á validez da extinción producida ó non desvirtuar a súa natureza real de interinidade por vacante. Sen embargo, cando o obxecto do contrato é o desenvolvemento dunha actividade normal e permanente da empresa, a irregularidade adquire carácter fraudulento, de tal sorte que os traballadores considéranse indefinidos aínda que non podan cualificarse como fixos de plantilla.

A duración do contrato será a do tempo esixido para a realización da obra ou servicio encargado. A fixación dunha duración ou término terá exclusivamente carácter orientativo. Nembargantes a duración incerta nos contratos non pode quedar condicionada á resolución voluntaria de unha das partes.

### 4.2 Contrato eventual por circunstancias da producción:

Este contrato ten por obxecto atender esixencias circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa. Polo tanto, a finalidade desta modalidade é a de satisfacer o incremento temporal ou excepcional do volume de traballo que non pode ser cuberto pola plantilla fixa da empresa, pero que pola súa transitoriedade non xustifica unha ampliación permanente da devandita plantilla.

En orde á súa cualificación, resulta indiferente que se trate dun traballo de carácter normal ou anormal da empresa, agora ben, tratándose de tarefas distintas das habituais estas non deben alcanzar á autonomía e sustantividade propia que caracterizan ó contrato de obra ou servicio determinado.

A formalización do contrato deberá realizarse necesariamente en forma escrita cando a súa duración sexa superior a catro semanas ou a tempo parcial.

### 4.3 Contrato de interinidade:

O contrato de interinidade pode ter como obxecto:

1. A sustitución dun traballador da empresa con dereito a reserva de posto de traballo, en virtude de norma, convenio colectivo ou acordo individual.
2. A cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva.

O contrato deberá formalizarse necesariamente por escrito , identificando ó traballador sustituido e a causa da sustitución, indicándose se o posto de traballo a desempeñar será o do traballador sustituido ou o de outro traballador que pase a desenvolve-lo posto de áquel.

O emprego desta modalidade contractual é admisible, entroutros, nos seguintes supostos:

**a)** Cumprimento do servicio militar ou servicio social sustitutorio**.**

**b)** Exercicio de cargo publico representativo ou función sindicais de ámbito provincial ou superior**.**

**c)** Privación da libertade do traballador mentras non exista sentencia condenatoria**.**

**d)** Suspensión de emprego e soldo por razóns disciplinarias

**e)** Excedencia forzosa**.**

**f)** Permiso parental ou maternidade**.**

**g)** Incapacidade temporal**.**

**h)** Pola contra, non resulta admisible o seu emprego nos seguintes casos:

**i)** Forza mayor.

**j)** Causas económicas e tecnolóxicas.

**k)** Peche legal da empresa.

**l)** Folga legal.

**m)** Excedencia voluntaria.

A duración dos contratos será a do tempo que dure a ausencia do traballador con dereito a reserva do posto de traballo ou a do tempo que dure o proceso de selección para a cobertura do posto de traballo.

# 9 CONTRATACIÓN CON EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL.

As sociedades públicas autonómicas unicamente poderán celebrar contratos de servcicios con empresas de traballo temporal cando precisen a posta a disposición de traballadores con carácter eventual nos supostos previstos no R.D.L. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e cos requisitos previstos nesta norma.

# PREGOS TIPO DE CONTRATACIÓN

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

# ÍNDICE.


- Cadro de características do contrato.
- Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.
- Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento aberto. Adxudicación por subasta.
- Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento negociado sen publicidade.
- Prego Tipo: Contrato de Subministracións, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.
- Prego Tipo: Contrato de Subministracións, procedemento negociado sen publicidade.
- Prego Tipo: Contrato de Subministracións sucesivas, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.
- Prego Tipo: Acordo Marco de subministracións, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.
- Prego Tipo. Contrato de Consultoría e Asistencia e de Servicios, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.
- Prego Tipo: Contrato de Consultoría e Asistencia e de Servicios, procedemento negociado sen publicidade.

# Cadro de Características do contrato

# CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

## CADRO DE CARACTERÍSTICAS

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:
   Servicio ou Departamento:

2. REFERENCIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN:

3. FORMA DE ADXUDICACIÓN E PREGO POLO QUE SE REXE:

   3.1. Procedemento :

   Aberto............... ☐
   Restrinxido...... ☐
   Negociado........ ☐

   3.2. Forma de adxudicación:

   Concurso.................................... ☐
   Poxa............................................ ☐

   3.3. Tramitación:

   Urxente ............ ☐
   Ordinaria ........... ☐

4. Obxecto do contrato:

5. Variantes:

   5.1. Admite variantes:

   Sí ........................ ☐ Non ..................... ☐

   5.2. Número:

   5.3. Procede delimita-las variantes:

   Sí ........................ ☐ Non ..................... ☐

## CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

En caso afirmativo, indicar sobre que elementos e en que condicións

**6. Prazo de execución**

**6.1. Prazo de execución**

**6.1.1. Data a partir da cal entra en vigor o contrato:**

**6.1.2. Duración do contrato:**

**6.2. Prazo de entrega:**

**7.Prórroga: O presente prego**

admite prórroga................☐

non admite prórroga........ ☐

**Duración da prórroga:**

**8. Prezo Unitario-Orzamento:**

**8.1. Orzamento total:**

**8.2. Orzamento por lotes:**

<u>Número de lote</u> : <u>Prezo unitario</u> <u>Orzamento:</u>

**8.3. Obrigatoriedade de ir a lotes enteiros:**

Sí ........................ ☐ Non ..................... ☐

# CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

**9. Garantía provisional:**

**9.1. Constitución de garantía provisional:**

**Sí...................... ☐** **Non .................... ☐**

**9.2. Importe total da garantía provisional:**

**9.3. Importe da garantía provisional por lotes:**

**Número de lote:** **Importe da garantía:**

**10. Garantía definitiva:**

**10.1. Constitución de garantía definitiva:**

**Sí ...................... ☐** **Non .................... ☐**

**10.2. Importe total da garantía definitiva:**

**11. Criterios de adxudicación:**

**11.1. Relación de criterios de adxudicación** **Número de puntos**

**1.**
**2.**

**11.2. Criterio de oferta desproporcionada ou temeraria:**

# CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.

**12. Prazo de garantía**

**12.1. Procede definir prazo de garantía:**

**Sí ........................ ☐** **Non ...................... ☐**

**12.2. En caso positivo, indicar prazo de garantía:**

**13. Lugar de entrega:**

**14. Réxime de pagamento:**

**15. Solvencia económica, financeira e técnica:**

**Criterios de acreditación:**

**16. Outras observacións específicas sobre o expediente de referencia:**

**17. Lugar e data de presentación das ofertas:**

# Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento aberto

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO POLO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DE OBRAS.


1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

2.1.- Disposicións Xerais.

2.1.1.- Obxecto do contrato.

2.1.2.- Prezo do contrato.

2.1.3.- Prazo de execución das obras.

2.1.4.- Prazo de garantía.

2.2.- Cláusulas especiais de licitación.

2.2.1.- Licitadores.

2.2.2.- Clasificación e solvencia.

2.2.3.- Garantía provisional.

2.2.4.- Presentación de proposicións.

2.2.5.- Contido das proposicións.

2.2.5.1.- Sobre Nº 1.

2.2.5.2.- Sobre Nº 2.

2.2.5.3.- Sobre Nº 3.

2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

2.2.6.1.- Criterios básicos.

2.2.7.- Proposta de adxudicación.

2.2.8.- Efectos da proposta de adxudicación.

2.2.9.- Adxudicación.

2.3.- Formalización do contrato.

2.3.1.- Documentación.

2.3.2.- Garantía definitiva.

2.3.3.- Documento de formalización.

2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

2.4.2.- Obrigas do contratista.

2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

2.4.4.- Impostos.

2.4.5.- Revisión de prezos.

2.5.- Risco e ventura.

2.5.1.- Dirección das obras.

2.5.2.- Comprobación do replanteo.

2.5.3.- Programa de traballos.

2.5.4.- Sinalización das obras.

2.6.- Suspensión das obras.

2.7.- Conclusión do contrato.

2.7.1.- Probas.

2.7.2.- Recepción e liquidación.

2.7.3.- Conservación das obras.

2.7.4.- Despexe final das obras.

2.7.5.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

3.- ANEXO.

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

O emprego do concurso xustifícase coa obriga de materializa-lo cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade da Lei 10/1996, do 5 de novembro.

# 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

## 2.1. Disposicións Xerais.

### 2.1.1. Obxecto do contrato.

O presente Concurso Aberto ten por obxecto o estudio e proposición de ofertas para a execución das obras indicadas no Cadro de Características do contrato.

Polo tanto, o obxecto do contrato consistirá na execución destas.

As Bases Técnicas do concurso, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán á disposición dos concursantes, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións.

Na proposta OFERTARASE INESCUSABLEMENTE UNHA SOLUCIÓN BASE QUE SE AXUSTARÁ NECESARIAMENTE Á SOLUCIÓN DEFINIDA NO PROXECTO APROBADO, ASÍ COMO Ó PRAZO DE EXECUCIÓN DEFINIDO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS.

Se o estiman conveniente, poderán ofertar, ademais, unha solución variante que será a resultante de variar: o prazo de execución, procedementos e solucións constructivas, así como as denominadas variacións estructurais, modificación do material, do tipo de firme, das obras de fábrica ou dos equipos electromecánicos.

### 22.1.2. Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

No caso de que a solución elixida sexa coincidente coa do proxecto base aprobado polo órgano de contratación, o coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo de contrata do Proxecto aprobado E NON SERÁ SUPERIOR Á UNIDADE.

Se resultase elixida a solución variante, o coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo de contrata do novo proxecto presentado.

### 22.1.3. Prazo de execución das obras.

O prazo de execución das obras e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballos; os ditos prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da subscrición da Acta de comprobación do replanteo.

### 22.1.4.- Prazo de Garantía.

O prazo de garantía das obras será o que se expresa no Cadro de Características, computándose a partir da acta de recepción das obras.

## 2.2. Condicións especiais de licitación.

### 22.2.1. Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento

de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 22.2.2. Clasificación e solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa, así como dos responsables das obras.
- Relación de obras executadas no curso dos últimos cinco anos, xunto coas certificacións de boa execución nas máis importantes.
- Declaración de maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras.
- Efectivos persoais da empresa indicando no seu caso, grao de estabilidade no emprego.
- Declaración de técnicos ou unidades técnicas das que se disporá na execución das obras.

A clasificación esixida é a que se expresa no Cadro de Características.

De non esixirse clasificación, a acreditación de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional efectuarase polos medios precisados no anuncio de licitación, de entre os enumerados. Non obstante, de posuír o licitador clasificación adecuada ó obxecto do contrato ( Grupos e Subgrupos que igualmente se precisan no anuncio) a acreditación documental de tal extremo eximirá da presentación dos documentos ós que se refiren os parágrafos anteriores.

A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación. En todo caso será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal obtiveran previamente clasificación como empresa de obras en relación co contrato ó que opten.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios enumerados.

### 22.2.3. Garantía Provisional

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe que figura no Cadro de Características.

A garantía provisional poderá ser dispensada se así se fai constar no Cadro Resumo de Características, cando a contía do contrato sexa inferior á que determina a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Así mesmo, eximirase da prestación da garantía provisional ós licitadores que constituísen garantía global. A garantía global é aquela que se constitúe polo contratista con referencia á tódolos contratos que se celebren coa sociedade ou fundación pública sen especificación singular para cada contrato.

### 22.2.4. Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar sinalado no anuncio de publicación, dentro do prazo sinalado no devandito anuncio ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

### 22.2.5. Contido das proposicións.

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido e o nome do licitador, ASÍ COMO SE É O CASO, O NÚMERO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das condicións deste Prego.

## 2.2.5.1.Sobre Nº 1

*TÍTULO: Documentación Xeral ( Designación do Proxecto )*

## CONTIDO:

I) **Tódolos documentos ós que se refire este apartado presentaranse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas.**

A documentación a presentar é a seguinte:

**I-A) Para as solicitudes formuladas por españois:**

a) Fotocopia compulsada do NIF OU CIF.

b) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación, se a empresa fose persoa xurídica, da escritura de constitución ou modificación se é o caso, debidamente inscrita no rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución ou de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No caso de empresarios individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

d) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte ó órgano de contratación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita

representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

e) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

8- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no

pagamento do Imposto de Actividades Económicas ( IAE ), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

f) As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996 do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

g) Certificado de clasificación expedido polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda, ou testemuño notarial deste, acreditativo de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categorías que se especifica no Cadro de Características, acompañadoo dunha declaración xurada da súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento.

De non esixirse clasificación, acreditarase a solvencia financeira, económica e técnica polos medios precisados no anuncio da licitación de entre os reseñados neste prego.

h) Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

**I-B) Para as solicitudes formuladas por estranxeiros:**

Requerirase a mesma documentación esixida no apartado anterior e ademais:

**a)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

**b)** Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

**c)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.
- Tratándose de empresas de contratistas de obras será necesario, ademais, que acrediten ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

**i)** Declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos que deben aportar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

II) De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/1995 do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/1995, do 5 de outubro e 408/1996, do 31 de outubro, polo que se regulo o dito Rexistro. Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995.

### 2.2.5.2. Sobre Nº 2

***TÍTULO: Referencias Técnicas***

Se é o caso, certificación expedida polo órgano competente da Administración que acredite que a empresa realizou a plena satisfacción do certificante, dentro dos últimos cinco anos, obras de natureza análoga á do concurso de que se trate.

1- Certificado expedido pola persoa con capacidade suficiente para representar á

empresa licitadora, que acredite o volume de obra executada por el durante os últimos cinco anos.

2- Documento no que a empresa se compromete a ter como delegado de obra, con capacidade suficiente para representala en todo canto afecta á execución desta, a un facultativo con dedicación plena durante o tempo de execución da obra, sendo ademais responsable en materia de Prevención de Riscos Laborais por parte do contratista.

A empresa deberá acreditar a experiencia do facultativo delegado na dirección de obras de natureza análoga en que participou, así como do equipo técnico que se vaia a adscribir á obra, en función da importancia do proxecto, e xuntará curriculum detallado deles. A súa substitución ó longo da obra será polos técnicos de análogo perfil profesional e deberá ser aprobada pola dirección facultativa.

O órgano de contratación, por resolución motivada e por instancia da dirección facultativa, poderá esixir, en calquera momento, o cambio do facultativo e do persoal técnico adscrito á obra.

3- Programa de construcción das obras que aseguren a súa execución nos prazos (total e parciais) e anualidades contractuais, obtido a partir dun estudio de tempo- actividades e a súa coherencia co prazo de execución ofertado.

4- Relación de equipos, maquinaria e demais medios que a empresa se compromete a poñer á disposición da obra.

5- Plan de control de calidade da obra que a empresa manterá durante a súa execución, especificando a porcentaxe que asigne para tal efecto. O órgano de contratación reserva para si a aprobación do laboratorio homologado proposto pola empresa.

6- Os licitadores poderán presentar solucións técnicas que, sen alterar substancialmente o proxecto aprobado , o melloren. Igualmente, poderanse propoñer melloras que redunden nunha maior calidade constructiva.

En tal caso, os licitadores presentarán un novo orzamento coas mediacións e prezos ofertados, e aquelas partidas non orzamentadas no proxecto aprobado e que se ofertan nesta opción modificada, así como unha memoria na que se indiquen as razóns que xustifiquen esta oferta.

Cando o órgano de contratación acepte a proposta con modificacións, a dita proposta pasará a ser contractual.

Neste suposto a empresa adxudicataria responsabilizarase de que a totalidade da nova medición presentada sexa a precisa para o desenvovemento e execución normais da obra. Polo tanto, non poderán producirse orzamentos adicionais ou excesos de liquidación, agás por razóns debidamente xustificadas.

As melloras as que se fai referencia neste apartado deberán estar incluidas nunha única variante.

Os licitadores presentarán, se é o caso, dous exemplares do proxecto variante resultado de cambiar o contido do proxecto base aprobado.

### 2.2.5.3. Sobre Nº 3

***TÍTULO: Documentación Económica ( Designación do Proxecto)***

**CONTIDO:**

Proposición económica formulada estrictamente conforme modelo diseñado polo órgano de contratación.

Na dita proposición presentaranse, como máximo, dúas ofertas que se corresponderán coas dúas solucións técnicas estudiadas.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuizo do órgano de contratación.

## 2.2.6. Constitución e funcionamento da Comisión de selección.

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral (sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá a súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abriranse os sobres Nº 2 e 3.

### 2.2.6.1. Criterios básicos.

a) Para a valoración das proposicións a Comisión de Selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, deberá ter en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

**b)** O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

**c)** No obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

### 2.2.7. Proposta de Adxudicación.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación ou, se é o caso, a de declarar deserto o concurso.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiraselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concederase un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento polo órgano de contratación.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atopasen caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio polo órgano de contratación, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

### 2.2.8. Efectos da proposta de adxudicación

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto ó órgano de contratación, mentres o concurso non se adxudicase do xeito establecido no apartado seguinte.

### 2.2.9. Adxudicación

Procederase á adxudicación do concurso polo órgano competente na sociedade ou fundación pública, adxudicación que deberá recaer no prazo de tres meses a partir da data de apertura das proposicións.

A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación será notificada a tódolos licitadores.

## 2.3.- Formalización do contrato.

### 2.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación:

1) Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

2) Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3) Resgardo do pagamento dos anuncios publicados.

4) No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso da adxudicación das obras, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública e CIF desta.

### 2.3.2. Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existencia de garantía global esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

### 2.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda brigado a subscribir dentro do prazo de trinta (30) días naturais, contados dende o seguinte á data de notificación da

adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

A Memoria, os Planos, Pregos de Prescricións Técnicas e Cadros de Prezos do Proxecto, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

### 2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

Satisfaranse nos termos establecidos no contrato.

O importe das obras executadas acreditarase na forma establecida no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuizo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

Poderanse verificar aboamentos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, acopio de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra.

## 2.4.2.- Obrigas do contratista.

### 2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

### 2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, darase cumprimento ó réxime de penalidades establecido pola sociedade ou fundación pública correspondente.

O órgano contratante terá a facultade de resolver o contrato polo incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

## 2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, así como as taxas por prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección e liquidación e calquera outras que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

## 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o Imposto de Valor Engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### 2.4.5.- Revisión de prezos.

A revisión de prezos nos contratos procederá cando o contrato estivese executado no 20% do seu importe e transcorrese un ano dende a súa adxudicación. A fórmula ou sistema de revisión aplicable será o establecido no Cadro de Características do Contrato.

## 2.5.- Risco e Ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuizo dos supostos de forza maior.

### 2.5.1.- Dirección das Obras.

O órgano de contratación, a través da dirección de obra , levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada.

### 2.5.2.- Comprobación do replanteo.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo dun (1) mes a partir da formalización do contrato, agás casos excepcionais xustificados, levarase a cabo a comprobación do replanteo das obras, en presencia do contratista ou do seu representante.

### 2.5.3.- Programa de Traballos.

No programa de traballo a presentar, no seu caso, polo contratista deberanse incluír os seguintes datos:

d) Ordenación en partes ou clases de obra das unidades que integran o proxecto, con expresión do volume destas.

e) Determinación dos medios necesarios, tales coma persoal, instalacións, equipamento e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

f) Estimación en días calendario dos prazos de execución das diversas obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e dos de execución das diversas partes ou clases de obra.

g) Valoración mensual e acumulada da obra programada, sobre a base das obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e partes ou clases de obra a prezos unitarios.

h) Gráficos das diversas actividades ou traballos.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instruccións que , a estes efectos, reciba.

### 2.5.4.- Sinalización das obras.

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos derivados desta obriga.

## 2.6.- Suspensión das obras.

Se o órgano de contratación acordase a suspensión das obras, procederase a levantar unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato. O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

## 2.7.- Conclusión do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e a satisfacción da entidade contratante, a totalidade do seu obxecto.

### 2.7.1.- Probas.

Ó remate das obras realizaranse as probas de estabilidade destas na forma que se indique no anexo de probas do proxecto.

Do resultado das probas levantarase a Acta correspondente.

### 2.7.2.- Recepción e Liquidación.

Esixirase polo órgano de contratación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade.

Transcurrido o prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, sen obxeccións por parte do órgano contratante, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

O Director de obra redactará a liquidación definitiva no prazo de tres meses, contados a partir da recepción definitiva, dando vista da mesma ó contratista. Unha vez aprobada a liquidación definitiva, o Director expedirá certificación da mesma se o saldo é favorable ó contratista.

### 2.7.3.- Conservación das obras.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía, serán de conta do contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

### 2.7.4.- Despexe final das obras.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituirse a súa situación inicial antes da recepción destas.

### 2.7.5.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaren responsabilidades que houbesen de exercitarse sobre a garantía e transcurrido o prazo da mesma, no seu caso, dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

# 3.- ANEXO

## MODELO DE PROPOSICIÓN

.........................................................................., con domicilio en............................,

provincia de...................., rúa.........................., número............e D.N.I. número

.........................., en nome (propio), ou (da empresa que representa) ................................con C.I.F.........................., enterado do anuncio publicado no ........... do día....... de .................de......... e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación das obras de ..................................................................., provincia de..........................., comprométese a tomar ó seu cargo a execución destas, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, POLA CANTIDADE DE ( expresar claramente, escrita en letra e número a cantidade en pesetas pola que se compromete o propoñente á execución das obras)...........................................................................................................

..............................................................................................................................

A tódolos efectos, a presente oferta comprende, non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto Sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

Santiago de Compostela, a --------- de-------------------------- de 20----

( data e sinatura do propoñente)

# Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento aberto

## Adxudicación por subasta

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS QUE REXERÁN NA SUBASTA POLO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

1.-CONDICIÓNS XURÍDICAS.
1.1.- Disposicións Xerais.
1.1.1.- Obxecto do contrato.
1.1.2.- Orzamento do contrato.
1.1.3.- Prazo de execución das obras.
1.1.4.- Prazo de garantía.
1.2.- Condicións especiais de licitación.
1.2.1.- Licitadores.
1.2.2.- Clasificación e solvencia.
1.2.3.- Garantía provisional.
1.2.4.- Presentación de Proposicións.
1.2.5.- Contido das proposicións.
1.2.5.1.- Sobre Nº 1.
1.2.5.2.- Sobre Nº 2.
1.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de selección.
1.2.7.- Proposta de adxudicación.
1.2.8.- Adxudicación.
1.3.- Formalización do contrato.
1.3.1.- Documentación.
1.3.2.- Garantía definitiva.
1.3.3.- Documento de formalización.
1.4.- Dereitos e obrigas das partes.
1.4.1.- Aboamentos ó contratista.
1.4.2.- Obrigas do contratista.
1.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

1.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.
1.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.
1.4.4.- Impostos.
1.4.5.- Revisión de prezos.
1.5.- Risco e Ventura.
1.5.1.- Dirección das obras.
1.5.2.- Comprobación do replanteo.
1.5.3.- Programa de traballo.
1.5.4.- Sinalización das obras.
1.6.- Suspensión das Obras.
1.7.- Conclusión do contrato.
1.7.1.- Probas.
1.7.2.- Recepción e liquidación.
1.7.3.- Conservación das obras.
1.7.4.- Despexe final das obras.
1.7.5.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.
2.- ANEXO.

# 1.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

## 1.1.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

### 1.1.1.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a execución das obras indicadas no Cadro de Características do Contrato.

As Bases Técnicas, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán a disposición dos interesados, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións.

As ofertas axustaranse necesariamente á solución definida no proxecto base aprobado, ASÍ COMO Ó PRAZO DE EXECUCIÓN DEFINIDO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS.

### 1.1.2.- Orzamento do contrato.

O importe do contrato será o que resulte da adxudicación.

O coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo de contrata do Proxecto aprobado e NON SERÁ SUPERIOR Á UNIDADE.

Entenderase que as ofertas dos contratantes comprenden non só o prezo de contrata, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que poida corresponder, de conformidade co disposto na lexislación vixente. O I.V.E. entenderase sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

### 1.1.3.- Prazo de execución das obras.

O prazo de execución das obras e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballos; os ditos prazos comezarán a

contar a partir do dia seguinte ó da subscrición da Acta de comprobación do replanteo.

### 1.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía das obras será o que se expresa no Cadro de Características, computándose a partir da Acta de recepción destas.

## 1.2.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE LICITACIÓN.

### 1.2.1.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou

estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras

non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 1.2.2. Clasificación e solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa, así como dos responsables das obras.
- Relación de obras executadas no curso dos últimos cinco anos, xunto coas certificacións de boa execución nas máis importantes.
- Declaración de maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras.

- Efectivos persoais da empresa indicando no seu caso, grao de estabilidade no emprego.
- Declaración de técnicos ou unidades técnicas das que se disporá na execución das obras.

A clasificación esixida é a que se expresa no Cadro de Características.

De non esixirse clasificación, a acreditación de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional efectuarase polos medios precisados no anuncio de licitación, de entre os enumerados. Non obstante, de posuír o licitador clasificación adecuada ó obxecto do contrato (Grupos e Subgrupos que igualmente se precisan no anuncio) a acreditación documental de tal extremo eximirá da presentación dos documentos ós que se refiren os parágrafos anteriores.

A clasificación das agrupacións de empresas verificarase mediante acumulación. En todo caso será requisito básico para a acumulación das citadas características que tódalas empresas que concorran na unión temporal obtiveran previamente clasificación como empresa de obras en relación co contrato ó que opten.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios enumerados.

### 1.2.3.- Garantía provisional.

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe que figura no Cadro de Características.

A garantía provisional poderá ser dispensada se así se fai constar no Cadro Resumo de Características, cando a contía do contrato sexa inferior á que determina a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Así mesmo, eximirase da prestación da garantía provisional ós licitadores que constituisen a garantía global. A garantía global é aquela que se constitúe polo contratista con referencia a tódolos contratos que se celebren coa sociedade ou fundación pública sen especificación singular para cada contrato.

## 1.2.4.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio

publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío e anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

## 1.2.5.- Contido das proposicións.

As proposicións constarán de dos (2) Sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido e o nome do licitador, ASÍ COMO, SE É O CASO, O NÚMERO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO OFICIAL DE EMPRESAS CLASIFICADAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das Condicións deste Prego.

### 1.2.5.1.-Sobre Nº 1

***TÍTULO: Documentación Xeral ( Designación do Proxecto )***

Tódolos documentos ós que se refire este apartado presentaranse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas. A documentación a presentar é a seguinte:

**I-A Para as solicitudes formuladas por españois:**

a) Fotocopia compulsada do NIF ou CIF.

b) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación, se a empresa fose persoa xurídica, da escritura de constitución ou modificación se é o caso, debidamente inscrita no rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución ou de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No caso de empresarios individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

d) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte ó órgano de contratación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

e) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

8- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas ( IAE ), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

j) As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou

administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

**k)** Certificado de clasificación expedido polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda, ou testemuño notarial deste, acreditativo de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categorías que se especifica no Cadro de Características, acompañadoo dunha declaración xurada da súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento.

De non esixirse clasificación, acreditarase a solvencia financeira, económica e técnica polos medios precisados no anuncio da licitación de entre os reseñados neste prego.

**l)** Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

**I-B) Para as solicitudes formuladas por estranxeiros:**

Requerirase a mesma documentación esixida no apartado anterior e ademais:

**a)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

**b)** Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

**c)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado sinatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.
- Tratándose de empresas de contratistas de obras será necesario, ademais, que acrediten ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

**d)** Declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos que deben aportar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/1995 do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/1995, do 5 de outubro e 408/1996, do 31 de outubro, polo que se regulo o dito Rexistro. Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995.

### 1.2.5.2.- Sobre Nº 2.

***TÍTULO: Documentación Económica ( Designación do Proxecto ).***

Proposición económica formulada estrictamente conforme ó modelo diseñado polo órgano de contratación.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo do órgano de contratación.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

## 1.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral (sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá a súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abrirá o Sobre Nº 2.

## 1.2.7.- Proposta de adxudicación.

A proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación a favor do postor que oferte o prezo máis baixo, non crea dereito ningún a favor do empresario proposto, fronte á sociedade ou fundación pública, mentres non se lle adxudicase o contrato por acordo do órgano de contratación.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación de alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concedese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento polo órgano de contratación.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atopasen caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio polo órgano de contratación, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

### 1.2.8.- Adxudicación.

Nas poxas a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de vinte días a contar dende o seguinte ó de apertura, en acto público, das ofertas recibidas.

O acordo do órgano de contratación acomodarase á proposta, agás nos casos seguintes:

a) Cando a Comisión de Selección efectuase a proposta con infracción do ordenamento xurídico.

b) Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou temerarias.

O órgano de contratación acordará a adxudicación a favor da proposición con prezo máis baixo que poida ser cumprida satisfactoriamente e, no seu defecto, ó mellor postor non incurso en temeridade.

A adxudicación do contrato será notificada a tódolos licitadores.

## 1.3.- Formalización do Contrato.

### 1.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación:

Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.

Resgardo do pagamento dos anuncios publicados.

No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso da adxudicación das obras, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública e CIF desta.

### 1.3.2.- Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir unha garantía definitiva no prazo de 15 días dende que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de Características do contrato.

No suposto de que teña constituida unha garantía global, esta responderá do cumprimento polo adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince ( 15 ) días contado desde a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características do contrato.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características que se inclue ó comezo deste Prego.

### 1.3.3.- Documento de Formalización.

O adxudicatario queda obrigado a suscribir dentro do prazo de trinta ( 30) días naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, sinalado no Cadro que se inclue ó comezo deste Prego.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Os Planos, Prego de Prescricións técnicas e Cadro de prezos do proxecto, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

## 1.4.- Dereitos e Obrigas das partes.

### 1.4.1.- Aboamentos ó contratista.

Satisfaranse nos termos establecidos no contrato.

O importe das obras executadas acreditarase na forma establecida no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuizo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

Poderanse verificar aboamentos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, acopio de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra.

Dentro do prazo de dous ( 2 ) meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

### 1.4.2.- Obrigas do contratista.

#### 1.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e prevención de riscos laborais.

### 1.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, darase cumprimento ó réxime de penalidades establecido pola sociedade ou fundación pública correspondente.

O órgano contratante terá a facultade de resolve-lo contrato polo incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

## 1.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, así como as taxas por prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección e liquidación e calquera outras que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

## 1.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o Imposto de Valor Engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independientes.

## 1.4.5.- Revisión de Prezos.

A revisión de prezos nos contratos procederá cando o contrato estivese executado no 20% do seu importe e transcorrese un ano dende a súa adxudicación. A fórmula ou sistema de revisión aplicable será o establecido no Cadro de Características do contrato.

## 1.5.- Risco e Ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuizo dos supostos de forza maior.

### 1.5.1.- Dirección das Obras.

O órgano de contratación, a través da dirección da obra, levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada.

### 1.5.2.- Comprobación do replanteo.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos dentro do prazo dun ( 1 ) mes a partir da formalización do contrato, agás casos excepcionais xustificados, levarase a cabo a comprobación do replanteo das obras, en presencia do contratista ou do seu representante.

### 1.5.3.- Programa de traballos.

No programa de traballo a presentar, no seu caso, polo contratista deberanse incluír os seguintes datos:

a) Ordenación en partes ou clases de obra das unidades que integran o proxecto, con expresión do volume destas.

b) Determinación dos medios necesarios, tales coma persoal, instalacións, equipamento e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

c) Estimación en días calendario dos prazos de execución das diversas obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e dos de execución das diversas partes ou clases de obra.

d) Valoración mensual e acumulada da obra programada, sobre a base das obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e partes ou clases de obra a prezos unitarios.

e) Gráficos das diversas actividades ou traballos.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instruccións que, a estes efectos, reciba.

### 1.5.4.- Sinalización das obras.

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos derivas desta obriga.

## 1.6.- Suspensión das obras.

Se o órgano de contratación acordase a suspensión das obras, procederase a levantar unha acta na que se consignará as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

## 1.7.- Conclusión do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizara de acordo cos termos deste e á satisfacción da sociedade ou fundación pública a totalidade do seu obxecto.

### 1.7.1.- Probas.

Ó remate das obras realizaranse as probas de estabilidade destas na forma que se indique no Anexo de probas do proxecto.

Do resultado das probas levantarase a Acta correspondente.

### 1.7.2.- Recepción e liquidación.

Esixirase polo órgano de contratación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade.

Transcurrido o prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, sen obxeccións por parte do órgano contratante, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

O Director de obra redactará a liquidación definitiva no prazo de tres meses, contados a partir da recepción definitiva, dando vista da mesma ó contratista. Unha vez aprobada a liquidación definitiva, o Director expedirá certificación da mesma se o saldo é favorable ó contratista.

### 1.7.3.- Conservación das obras.

Tódolos gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

### 1.7.4.- Despexe final das obras.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituirse a súa situación inicial antes da recepción das ditas obras.

### 1.7.5.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaren responsabilidades que houbesen de exercitarse sobre a garantía e transcurrido o prazo da mesma, no seu caso, dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval

## 2.- ANEXO

### MODELO DE PROPOSICIÓN

Don ..........................................................., con domicilio en..........................,

provincia de...................., rúa.........................., número............e D.N.I. número

.........................., en nome (propio), ou ( da empresa que representa ) ................................con C.I.F........................., enterado do anuncio publicado no ........... do día....... de .................de......... e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación das obras de ..............................................................., provincia de.........................., comprométese a tomar ó seu cargo a execución destas, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, POLA CANTIDADE DE ( expresar claramente, escrita en letra e número a cantidade en pesetas pola que se compromete o propoñente á execución das obras)...........................................

..............................................................................................................

A tódolos efectos, a presente oferta comprende, non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do Imposto Sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

Santiago de Compostela, a --------- de-------------------------- de 20-

( data e sinatura do propoñente)

# Prego Tipo: Contrato de Obras, procedemento negociado sen publicidade

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DE OBRAS POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

1.-XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.
2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.
2.1.- Disposicións Xerais.
2.1.1.- Obxecto do contrato.
2.1.2.- Prezo do contrato.
2.1.3.- Prazo de execución das obras.
2.1.4.- Prazo de garantía.
2.2.- Condicións especiais de licitación.
2.2.1.- Licitadores.
2.2.2.- Clasificación e solvencia.
2.2.3.- Garantía provisional.
2.2.4.- Presentación de proposicións.
2.2.5.- Contido das proposicións.
2.2.5.1.- Sobre Nº 1.
2.2.5.2.- Sobre Nº 2.
2.2.5.3.- Sobre Nº 3.
2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.
2.2.7.- Adxudicación.
2.3.- Formalización do contrato.
2.3.1.- Documentación.
2.3.2.- Garantía definitiva.
2.3.3.- Documento de formalización.
2.4.- Dereitos e obrigas das partes.
2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

2.4.2.- Obrigas do contratista.
2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.
2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.
2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.
2.4.4.- Impostos.
2.4.5.- Revisión de prezos.
2.5.- Risco e ventura.
2.5.1.- Dirección das obras.
2.5.2.- Comprobación do replanteo.
2.5.3.- Programa de traballos.
2.5.4.- Sinalización das obras.
2.6.- Suspensión das obras.
2.7.- Conclusión do contrato.
2.7.1.- Probas.
2.7.2.- Recepción e liquidación.
2.7.3.- Despexe final das obras.
2.7.4.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.
3.- ANEXOS

# 1.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Este procedemento negociado sen publicidade xustifícase cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

**a)** Cando o contrato non chegare a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.

**b)** Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, a execución das obras só poida encomendarse a un determinado empresario.

**c)** Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecimientos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.

**d)** Cando se trate da repetición de obras similares a outras adxudicadas por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que as primeiras sexan conformes ó proxecto base e se incluísen no anuncio do citado procedemento ou restrinxido e computado o seu importe para fixar a contía total do contrato. Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial.

**e)** Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se confíe ó contratista da obra principal, de acordo cos prezos que rexen no contrato primitivo ou que, no seu caso, fosen fixados contradictoriamente.

Para a aplicación deste suposto, as obras complementarias non poderán separarse técnica ou económicamente do contrato primitivo, estarán formadas ó menos nun 50% do presuposto por unidades de obra do

contrato principal e o importe acumulado das mesmas non superará o 20% do prezo primitivo do contrato. De non cumprirse estes requisitos, as obras deberán ser obxecto de contratación independente.

**f)** Os de orzamento inferior a 10.000.000 de pesetas.

# 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

## 2.1. Disposicións Xerais.

### 2.1.1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a execución das obras indicadas no Cadro de Características.

As Bases Técnicas do procedemento negociado , cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán á disposición das empresas invitadas a participar neste procedemento, para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, tódolos días laborais durante as horas hábiles de oficina.

Na proposta OFERTARASE INESCUSABLEMENTE UNHA SOLUCIÓN BASE QUE SE AXUSTARÁ NECESARIAMENTE Á SOLUCIÓN DEFINIDA NO PROXECTO APROBADO, ASÍ COMO Ó PRAZO DE EXECUCIÓN DEFINIDO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS.

No Cadro de Características determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, se é o caso,poidan ser obxecto de negociación coas empresas.

### 2.1.2. Prezo do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo de contrata do Proxecto aprobado E NON SERÁ SUPERIOR Á UNIDADE.

A estes efectos o orzamento de contrata do proxecto ascende á cantidade e distribución de anualidades que se indican no Cadro de Características do Contrato.

Entenderase que as ofertas dos contratantes comprenden non só o prezo de contrata, senón tamén o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que poida corresponder, de conformidade co disposto na lexislación vixente. O I.V.E. entenderase sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

### 2.1.3. Prazo de execución das obras.

O prazo de execución das obras e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballos; os ditos prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da subscrición da Acta de comprobación do replanteo.

A devandita Acta, que se efectuará no prazo dun (1) mes desde a data de formalización do contrato, agás casos xustificados; e os prazos parciais que poidan fixarse ó aprobar o Programa de Traballos, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, ós efectos da súa esixibilidade.

### 2.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía das obras será o que se expresa no cadro de características, computándose a partir da acta de recepción das obras.

## 2.2. Condicións especiais de licitación.

### 2.2.1. Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable,

outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 2.2.2. Clasificación e solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.

- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.
- A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:
- Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa, así como dos responsables das obras.
- Relación de obras executadas no curso dos últimos cinco anos, xunto coas certificacións de boa execución nas máis importantes.
- Declaración de maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras.
- Efectivos persoais da empresa indicando no seu caso, grao de estabilidade no emprego.
- Declaración de técnicos ou unidades técnicas das que se disporá na execución das obras.

A clasificación esixida é a que se expresa no Cadro de Características.

De non esixirse clasificación, a acreditación de solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional efectuarase polos medios precisados no anuncio de licitación, de entre os enumerados. Non obstante, de posuír o licitador clasificación adecuada ó obxecto do contrato ( Grupos e Subgrupos que igualmente se precisan no anuncio) a acreditación documental de tal extremo eximirá da presentación dos documentos ós que se refiren os parágrafos anteriores.

### 2.2.3. Garantía Provisional.

Neste procedemento o órgano de contratación poderá non esixir a constitución da garantía provisional.

### 2.2.4. Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar e denttro do prazo sinalado na invitación cursada ó efecto, ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

### 2.2.5. Contido das proposicións.

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido e o nome do licitador, ASÍ COMO SE É O CASO, O NÚMERO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO XERAL DE CONTRATISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das condicións deste Prego.

#### 2.2.5.1.- Sobre Nº 1

***I.TÍTULO: Documentación Xeral ( Designación do Proxecto )***

**CONTIDO:**

I) **Tódolos documentos ós que se refire este apartado presentaranse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas**.

A documentación a presentar é a seguinte:

**I-A) Para as solicitudes formuladas por españois:**

a) Fotocopia compulsada do NIF ou CIF.

b) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación se é o caso,debidamente

inscrita no rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No caso de empresarios individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

d) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte ó órgano de contratación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

e) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

*8*- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas ( IAE ), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

f) As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do18 de outudro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación

de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

g) Certificado de clasificación expedido polo Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda, ou testemuño notarial deste, acreditativo de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categorías que se especifica no Cadro de Características, acompañadoo dunha declaración xurada da súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para o seu outorgamento.

De non esixirse clasificación, acreditarase a solvencia financeira, económica e técnica polos medios precisados no anuncio da licitación de entre os reseñados neste prego.

**I-B) Para as solicitudes formuladas por estranxeiros:**

Requerirase a mesma documentación esixida no apartado anterior e ademais:

**a)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

**b)** Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

**c)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou

análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

- Tratándose de empresas de contratistas de obras será necesario, ademais, que acrediten ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil.

d) Declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos que deben aportar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

**II)** De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/1995 do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/1995, do 5 de outubro e 408/1996, do 31 de outubro, polo que se regulo o dito Rexistro. Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995.

### 2.2.5.2. Sobre Nº 2

***TÍTULO: Desenvolvemento do Proxecto.***

### 2.2.5.3. Sobre Nº 3

***TÍTULO: Documentación Económica ( Designación do Proxecto)***

**CONTIDO:**

Proposición económica formulada estrictamente conforme modelo diseñado polo órgano de contratación.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o contido da oferta .

### 2.2.6. Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

Neste procedemento negociado,a constitución da Comisión de Selección terá carácter potestativo.

No caso de constitución da mesma:

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

Para a valoración das proposicións, a Comisión de selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha

proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

No obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó Órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

## 2.2.7. Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ó empresario xustificadamente elexido, debendo deixar constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas por este.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a ser adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.

- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación de alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de Actividades Económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento polo órgano de contratación.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio polo órgano de contratación, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

## 2.3.- Formalización do contrato.

### 22.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar ante o órgano de contratación:

1º. Documento acreditativo da constitución de garantía definitiva.

2º. Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso da adxudicación das obras, a constitución da agrupación formalizada en escritura pública e CIF desta.

### 22.3.2. Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no cadro de características.

No suposto de que teña constituida unha garantía global, esta responderá do cumprimento polo adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito ca garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características que se inclue ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria , farase constar no Cadro de Características.

### 22.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir dentro do prazo de trinta (30) días naturais, contados dende o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento administrativo de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

A Memoria, os Planos, Pregos de Prescricións Técnicas e Cadros de Prezos do Proxecto, revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

### 22.4.1.- ABOAMENTOS Ó CONTRATISTA.

Satisfaranse nos termos establecidos no contrato.

O importe das obras executadas acreditarase na forma establecida no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

Poderanse verificar aboamentos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, acopio de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra.

Dentro do prazo de dous ( 2 ) meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

### 2.4.2.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

#### 2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

#### 2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, darase cumprimento ó réxime de penalidades establecido pola sociedade ou fundación pública correspondente.

O órgano contratante terá a facultade de resolver o contrato polo incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

### 2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

Son de conta do contratista, os gastos que puidesen orixinarse, da formalización do contrato, así como as taxas por prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección e liquidación e calquera outras que resulte de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

### 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o Imposto sobre o Valor Engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### 2.4.5.- Revisión de prezos.

A revisión de prezos nos contratos procederá cando o contrato estivese executado no 20% do seu importe e transcorrese un ano dende a súa adxudicación. A fórmula ou sistema de revisión aplicable será o establecido no Cadro de Características do contrato.

## 2.5.- Risco e Ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuizo dos supostos de forza maior.

### 2.5.1.- Dirección das Obras.

O órgano de contratación, a través da dirección de obra , levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada.

### 2.5.2.- Comprobación do replanteo.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo dun (1) mes a partir da formalización do contrato, agás casos excepcionais xustificados, levarase a cabo a comprobación do replanteo das obras, en presencia do contratista ou do seu representante.

### 2.5.3.- Programa de Traballos.

No programa de traballo a presentar, no seu caso, polo contratista deberanse incluír os seguintes datos:

**a)** Ordenación en partes ou clases de obra das unidades que integran o proxecto, con expresión do volume destas.

**b)** Determinación dos medios necesarios, tales coma persoal, instalacións, equipamento e materiais, con expresión dos seus rendementos medios.

**c)** Estimación en días calendario dos prazos de execución das diversas obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e dos de execución das diversas partes ou clases de obra.

**d)** Valoración mensual e acumulada da obra programada, sobre a base das obras ou operacións preparatorias, equipamento e instalacións e partes ou clases de obra a prezos unitarios.

**e)** Gráficos das diversas actividades ou traballos.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instruccións que, a estes efectos, reciba.

### 2.5.4.- Sinalización das obras.

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos derivados desta obriga.

## 2.6.- Suspensión das obras.

Se o órgano de contratación acordase a suspensión das obras, procederase a levantar unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato. O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

## 2.7.- Conclusión do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase de acordo cos termos deste e a satisfacción da entidade contratante a totalidade do seu obxecto.

### 2.7.1.- Probas.

Ó remate das obras realizaranse as probas de estabilidade destas na forma que se indique no anexo de probas do proxecto.

Do resultado das probas levantarase a Acta correspondente.

### 2.7.2.- Recepción e Liquidación.

Esixirase polo órgano de contratación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade.

Transcurrido o prazo de garantía a contar dende a data de recepción ou conformidade, sen obxeccións por parte do órgano contratante, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

O Director de obra redactará a liquidación definitiva no prazo de tres meses, contados a partir da recepción definitiva, dando vista da mesma ó contratista. Unha vez aprobada a liquidación definitiva, o Director expedirá certificación da mesma se o saldo é favorable ó contratista.

### 2.7.3.- Despexe final das obras.

As zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas volverán a restituirse a súa situación inicial antes da recepción destas.

### 2.7.4.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaren responsabilidades que houbesen de exercitarse sobre a garantía e transcurrido o prazo da mesma, no seu caso, dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

# 3.- ANEXO.

## MODELO DE PROPOSICIÓN.

Don......................................................., con domicilio en.................................,

provincia de.............................., rúa......................................., número.............e D.N.I. número....................., en nome (propio), (ou da empresa que representa)

........................................con C.I.F..........................., invitado previamente pola

sociedade ou fundación pública.....................................a participar no presente procedemento negociado sen publicidade e informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación das obras de “......................................................... ” comprométese a tomar ó seu cargo a execución destas con extricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, polas cantidades que se enumeran de seguido, segundo as solucións seguintes:

PRAZO DE EXECUCIÓN CANTIDADE EN LETRA NÚMERO

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto do Valor Engadido, a teor no disposto na lexislación vixente, así como o transporte ata os puntos de entrega que sinale a entidade contratante.

Santiago de Compostela, a ........ de........ de 20.......

( Data e sinatura do propoñente )

# Prego Tipo: Contrato de Subministracións, procedemento aberto. Adxudicación por concurso

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS POLO PROCEDEMENTO ABERTO MEDIANTE CONCURSO.

1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

2.1.-Disposicións Xerais.

2.1.1.- Obxecto do contrato.

2.1.2.- Prezo do contrato.

2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.

2.1.4.- Prazo de garantía.

2.2.- Condicións especiais de licitación.

2.2.1.- Licitadores.

2.2.2.- Solvencia.

2.2.3.- Garantía provisional.

2.2.4.- Presentación de proposicións.

2.2.5.- Contido das proposicións.

2.2.5.1.- Sobre Nº 1: Documentación Xeral

2.2.5.2.- Sobre Nº 2: Referencias Técnicas

2.2.5.3.- Sobre Nº 3: Proposición Económica.

2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

2.2.6.1.- Criterios básicos.

2.2.7.- Proposta de adxudicación.

2.2.8.- Efectos da Proposta de adxudicación.

2.2.9.- Adxudicación.

2.3.- Formalización do contrato.

2.3.1.- Documentación.

2.3.2.- Garantía definitiva.

2.3.3.- Documento de formalización.

2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

2.4.1.- Entrega e recepción.

2.4.2.- Aboamentos ó adxudicatario.

2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

2.4.4.- Impostos.

2.4.5.- Revisión de prezos.

3.- ANEXOS

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

O emprego do concurso polo procedemento aberto xustifícase coa obriga de materializa-lo cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade da Lei 10/1996, do 5 de novembro.

# 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

## 2.1.- Disposicións Xerais.

### 2.1.1.- Obxecto do contrato.

O obxecto deste contrato, segundo a descrición que deste se efectúa no Prego de Condicións Técnicas, é- "------------------------------------------ ------------------------------------------------------------------------------ ----------------------------------------------------------------------- " .

O Prego de Condicións Técnicas, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán á disposición dos concursantes, para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións.

### 2.1.2.- Prezo do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O importe máximo do contrato é de -------------------------------------- --------------------------------------------------------------, cifra que representa o gasto máximo a realizar pola entidade contratante en virtude do contrato de subministración, quedando limitado o gasto real ó que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e as unidades efectivamente requiridas polo órgano de contratación e servidas por aquel.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

### 2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.

O prazo de entrega das subministracións é o establecido no Cadro de Características, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da

sinatura do contrato. Os prazos parciais, se é o caso, serán os que se fixen no programa de subministracións en consonancia coa oferta do adxudicatario, dentro do prazo de execución referido.

### 2.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía das subministracións será o establecido no Cadro de Características, computándose a partir da data da subscrición da acta de recepción destas.

## 2.2.- Condicións especiais de licitación.

### 2.2.1.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no

Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidade de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 2.2.2.- Solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Pola relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos.
- Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa.

- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas participantes no contrato, así como grao de estabilidade do persoal integrado na empresa.
- Mostras, descricións e fotografía dos productos a subministrar.
- Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade.

## 2.2.3.- Garantía provisional.

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe que figura no Cadro de Características.

A garantía provisional poderá ser dispensada se así se fai constar no Cadro Resumo de Características, cando a contía do contrato sexa inferior á que determina a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Así mesmo eximirase da prestación da garantía provisional ós licitadores que constituísen a garantía global. A garantía global é aquela que se constitúe polo contratista con referencia a tódolos contratos que se celebren coa sociedade ou fundación pública sen especificación singular para cada contrato.

## 2.2.4.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

## 2.2.5.- Contido das proposicións.

As proposicións constarán de tres (3) sobre pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase

constar o seu respectivo contido, o nome do licitador e o obxecto da subministración.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das Condicións deste Prego.

### 2.2.5.1.- Sobre número 1.

***TÍTULO: DOCUMENTACIÓN XERAL.***

## CONTIDO:

**I) Solvencia económica e financeira , e técnica.**

A solvencia economica e finaceira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

**II) Presentará ademáis a documentación seguinte:**

a) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitua regulamentariamente.

m) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou

apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

n) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

o) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

*8*- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

**p)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

**q)** Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

**r)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

s) Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

III) De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995 , do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/ 1995.

### 2.2.5.2 Sobre número 2

***TÍTULO: REFERENCIAS TÉCNICAS.***

1- Xustificación dos prazos de entrega nos que o licitador se compromete a efectuar a subministración dos bens desde que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos personais e materiais para a realización da subministración.

2- Catálogos, descricións, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das subministracións ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións técnicas.

3- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación.

#### 2.2.5.3 Sobre número 3

***TÍTULO: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.***

Neste Sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador. A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considera-la oferta.

### 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral ( sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abrirá os sobre Nº 2 e 3.

#### 2.2.6.1.- Criterios básicos.

a) Para a valoración das proposicións, a Comisión de Selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que

como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

**b)** O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

**c)** Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

## 2.2.7.- Proposta de adxudicación.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.

- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

### 2.2.8.- Efectos da Proposta de adxudicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

### 2.2.9.- Adxudicación.

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Selección, o Órgano de Contratación no prazo de 3 meses a partir da data de apertura das proposicións, salvo que se estableza outro prazo no Cadro Resumo de Características, procederá á adxudicación do contrato, sen prexuízo de motiva-la súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión.

# 2.3.- Formalización do contrato.

## 2.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o órgano de Contratación, e sempre que esta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1º. Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

4º. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

5º. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.

6º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

## 2.3.2.- Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existencia de garantía global esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha **garantía adicional**, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

### 2.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e obrigas das partes

### 2.4.1.- Entrega e recepción.

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto da subministración que se

determinen en función das necesidades da sociedade ou fundación pública. A entrega efectuarase no lugar sinalado a tal efecto no contrato.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuizos ocasionados nos bens antes da súa entrega á entidade contratante, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

O acto formal de recepción dos bens materializarase, dentro do mes seguinte á comunicación do adxudicatario de finalizar a entrega completa, pola entidade contratante previa comprobación polos medios

que considere oportunos, da efectiva subministración dos bens de que se trate.

### 2.4.2.- Aboamentos ó adxudicatario.

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola sociedade ou fundación pública de acordo coas condicións establecidas no apartado anterior.

### 2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, e calquera outros gastos ós que houbera lugar para a formalización ou execución do contrato.

### 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o imposto de valor engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### 2.4.5.- Revisión de prezos.

Ó obxecto deste contrato non lle é de aplicación a revisión de prezos.

## 3.- ANEXO.

### MODELO DE PROPOSICIÓN

Don -----------------------------------------------------, con domicilio en ------------------------------, provincia de --------------, rúa ----------------------number------------ e D.N.I. número-------------, en nome (propio) (ou da Empresa que representa----------------------------------- -con C.I.F.------- ----), enterado do anuncio publicado no ----------------- do día ----- de ------- de--------- e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de subministracións de --------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------provincia de -----------------------------comprométese a tomar ó seu cargo a execución dos mesmos, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido:

PRAZO EXECUC. CANTIDADE EN LETRA NUMERO

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

Santiago de Compostela, a---------de--------------------------de 20----

(Data e Sinatura do propoñente)

# Prego Tipo: Contrato de Subministracións, procedemento negociado sen publicidade

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

1.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

2.1.- Disposicións Xerais.

2.1.1.- Obxecto do contrato.

2.1.2.- Prezo do contrato.

2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.

2.1.4.- Prazo de garantía.

2.2.- Condicións especiais de licitación.

2.2.1.- Licitadores.

2.2.2.- Solvencia.

2.2.3.- Garantía provisional.

2.2.4.- Presentación de proposicións.

2.2.5.- Contido das proposicións.

.- Documentación Xeral.

.- Referencias Técnicas.

.- Proposición Económica.

2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

2.2.7.- Adxudicación.

2.3.- Formalización do contrato.

2.3.1.- Documentación.

2.3.2.- Garantía definitiva.

2.3.3.- Documento de formalización.

2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

2.4.1.- Entrega e recepción.

2.4.2.- Aboamentos ó adxudicatario.

2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

2.4.4.- Impostos.

2.4.5.- Revisión de prezos.

3.- ANEXOS.

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

O emprego do procedemento negociado sen publicidade xustifícase na concorrencia de calquera das circunstancias seguintes:

**a)** Cando o contrato non chegare a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.

**b)** Cando os productos de que se trate se fabriquen exclusivamente para fins de experimentación, estudio ou desenvolvemento, non aplicándose esta condición á producción en serie destinada a establecer a viabilidade comercial do producto ou recupera-los custos de investigación e desenvolvemento.

**c)** Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos exclusivos, tan só poida encomendarse a fabricación ou subministración do producto en cuestión a un único proveedor.

**d)** Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecimientos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.

**e)** As entregas complementarias efectuadas polo proveedor inicial que constitúan ben unha reposición de subministracións ou instalacións de uso corrente ou ben unha extensión das subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de proveedor obrigaría á parte contratante a adquirir material que posúa características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e mantenemento desproporcionadas.

**f)** As que se refiren a bens cunha uniformidade declarada necesaria para a súa utilización pola sociedade ou fundación pública, sempre que a adquisición inicial fose realizada en virtude de concurso.

**g)** As de bens de contía inferior a 5.000.000 de pesetas, límite que se eleva a 8.000.000 de pesetas para os supostos de fabricación con arrreglo a características prefixadas.

**h)** As de adquisicións de productos consumibles, perecederos ou de fácil deterioro de contía inferior a 10.000.000 de pesetas.

**i)** Nas adxudicacións dos contratos que sexan consecuencia dun acordo ou contrato marco.

## 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

### 2.1.- Disposicións Xerais.

#### 2.1.1.- Obxecto do contrato.

O obxecto deste contrato consiste na subministración dos bens relacionados no Prego de Condicións Técnicas,

A oferta axustarase ó Prego de Condicións Técnicas Particulares e ó prazo de execución definido no Cadro de Características.

#### 2.1.2.- Prezo do contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O importe máximo do contrato é de ---------------------------------------------------------------------------------------------------------, cifra que representa o gasto máximo a realizar pola entidade contratante en virtude do contrato de subministración, quedando limitado o gasto real ó que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e as unidades efectivamente requiridas polo órgano de contratación e servidas por aquel.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

Cando razóns técnicas ou económicas debidamente xustificadas no expediente de contratación o aconsellen o pagamento dos bens a subministrar poderá consistir parte en diñeiro e parte na entrega doutros bens da mesma clase.

#### 2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.

O prazo de entrega das subministracións é o establecido no Cadro de Características, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da

sinatura do contrato. Os prazos parciais, se é o caso, serán os que se fixen no programa de subministracións en consonancia coa oferta do adxudicatario, dentro do prazo de execución referido.

### 2.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía das subministracións será o que se expresa no Cadro de características, computándose a partir da data da subscrición da acta de recepción destas.

## 2.2.- Condicións especiais de licitación.

### 2.2.1.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas, e foran **PREVIAMENTE INVITADAS** a participar no procedemento.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no

Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 2.2.2.- Solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Pola relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos.
- Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa.
- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas participantes no contrato, así como grao de estabilidade do persoal integrado na empresa.
- Mostras, descricións e fotografía dos productos a subministrar.
- Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade.

### 2.2.3.- Garantía provisional.

Neste procedemento o órgano de contratación poderá non esixir a constitución da garantía provisional.

### 2.2.4.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado na invitación cursada ó efecto, ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío, anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

### 2.2.5.- Contido das proposicións.

As proposicións constarán dun (1) sobre pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, en el farase constar o seu contido e o nome do licitador, así como no seu caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e deberá contar a seguinte documentación:

## DOCUMENTACIÓN XERAL:

I Solvencia económica e financeira , e técnica.

**A solvencia economica e finaceira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.**

II Presentará ademáis a documentación seguinte:

a) O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

c) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

d) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que

deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán achegar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

e) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

8- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa

Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas ( IAE ), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

**f)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996 do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

**g)** Documento xustificativo de ter constituída a garantía provisional indicada no apartado 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

**t)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

**u)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo, acreditarán a

súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

**III** De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995 , do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995.

## REFERENCIAS TÉCNICAS

1- Xustificación dos prazos de entrega nos que o licitador se compromete a efectuar a subministración dos bens desde que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos personais e materiais para a realización da subministración.

2- Catálogos, descricións, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das subministracións ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións técnicas.

3- Calquera outra información que o licitador considere interesante.

## PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

Neste sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador.A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considera-la oferta.

### 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de selección.

Neste procedemento negociado,a constitución da Comisión de Selección terá carácter potestativo.

No caso de constitución da mesma:

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

Para a valoración das proposicións, a Comisión de selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da

audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

No obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

## 2.2.7.- Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ó empresario xustificadamente elixido, debendo deixar constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas por este.

No suposto de non terse presentado na oferta, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento polo órgano de contratación.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atopasen caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio polo órgano de contratación, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

## 2.3.- Formalización do contrato.

### 2.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o órgano de Contratación:

1º. Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

2º. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

## 2.3.2.- Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 dias dende que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de Características do contrato.

No suposto de que teña constituida unha garantía global, esta responderá do cumprimento polo adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando a consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado desde a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación para que garde a debida proporción co orzamento das subministracións vixente en cada momento.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

## 2.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e obrigas das partes

### 2.4.1.- Entrega e recepción.

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto da subministración que se determinen en función das necesidades da sociedade ou fundación pública. A entrega efectuarase no lugar sinalado a tal efecto no contrato.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuizos ocasionados nos bens antes da súa entrega á entidade contratante segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

O acto formal de recepción dos bens materializarase, dentro do mes seguinte á comunicación do adxudicatario de haber finalizado a entrega completa, pola entidade contratante previa comprobación polos medios que considere oportunos, da efectiva subministración dos bens de que se trate.

### 2.4.2.- Aboamentos ó adxudicatario.

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola sociedade ou fundación pública de acordo coas condicións establecidas no apartado anterior.

### 2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

Son de conta do contratista, os gastos que puideran orixinarse para para a formalización ou execución do contrato.

### 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o imposto de valor engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### 2.4.5.- Revisión de prezos.

Ó obxecto deste contrato non lle é de aplicación a revisión de prezos.

## 3.- ANEXOS

### MODELO DE PROPOSICIÓN.

Don............................................., con domicilio en.........................................., provincia de.........................., rúa.........................................., número............e D.N.I. número................................., en nome (propio), (ou da empresa que representa)...............................................con C.I.F............................, invitado previamente polasociedade ou fundación pública..............................a participar no presente procedemento negociado sen publicidade e informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de subministracións "............................................................" comprométese a tomar ó seu cargo a execución deste, con extricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, polas cantidades que se enumeran de seguido, segundo as solucións seguintes:

| PRAZO DE EXECUCIÓN | CANTIDADE EN LETRA | NÚMERO |
| --- | --- | --- |

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto do Valor Engadido, a teor no disposto na lexislación vixente, así como o transporte ata os puntos de entrega que sinale a entidade contratante.

Santiago de Compostela, a ........ de............................ de 20.......

( Data e sinatura do propoñente )

# Prego Tipo: Contrato de Subministracións sucesivas, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.

# PREGO TIPO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓNS SUCESIVAS POLO PROCEDEMENTO ABERTO MEDIANTE CONCURSO.

**A)** ELEMENTOS DO CONTRATO.

1. Procedemento e forma de adxudicación.
2. Publicidade e gastos.

**B)** OBXECTO DO CONTRATO.

1. Concepto.
2. Variantes.
3. Prazo de execución do contrato. Prórroga.

**C)** PREZO.

**D)** CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

1. Capacidade.
2. Solvencia.

**E)** LICITACIÓN.

1. Presentación de proposicións.
2. Contido das proposicións.

   2.1 Sobre nº 1.

   2.2 Sobre nº 2

   2.3 Sobre nº 3

**F)** ADXUDICACIÓN.

1. Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.
2. Criterios básicos
3. Proposta de adxudicación.
4. Efectos da proposta de adxudicación.
5. Adxudicación.

**G)** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1. Documentación.
2. Documento de formalización.

**H)** EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Entrega e recepción
2. Aboamentos ó adxudicatario.
3. Gastos esixibles ó contratista.
4. Impostos.

## A) ELEMENTOS DO CONTRATO.

### *PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN*

O contrato de subministracións sucesivas adxudicarase en procedemento aberto, mediante concurso, para dar cumprimento ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade previstos na Lei 10/1996, do 5 de novembro.

### *PUBLICIDADE E GASTOS*

Os gastos que orixine a publicación dos anuncios do presente concurso serán de conta do adxudicatario/s do mesmo, sen que poida imputarse á entidade contratante ningún pagamento por tal concepto.

## B) OBXECTO DO CONTRATO.

### 1) *CONCEPTO.*

Neste contrato, o empresario obrígase a entrega-los bens de forma sucesiva, sen que a contía total se defina con exactitude ó tempo de celebra-lo contrato, estando subordinadas as entregas ás necesidades da sociedade ou fundación pública. O contrato ten por obxecto a subministración dos productos ou bens indicados no Cadro de Características.

A licitación versará sobre a totalidade da subministración. No caso de que se prevexan lotes poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote. Cando os lotes inclúan artigos diferenciados, a oferta especificará o prezo de cada un.

O contratista que subministrará os bens obxecto da presente contratación, farao na forma, condicións e conforme ás características e calidades que se especifiquen no Prego de Condicións Xurídicas e no Prego de Condicións Técnicas.

### *VARIANTES.*

No suposto en que se admitan variantes, os licitadores poderán introducir nas súas proposicións variantes ou alternativas que co mesmo ou distinto prezo, pero sempre igual ou inferior ó orzamento de licitación, incorporen, para a prestación da subministración, solucións ou alternativas ás definidas nas condicións técnicas.O licitador. As variantes ou alternativas que se presenten só poderán afectar para caso que se especifique, ós elementos definidos no Cadro de Características do Contrato.

### *PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.*

5) O prazo de execución do contrato será o establecido no Cadro de Características.

6) O prazo de execución poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes, formalizado de forma expresa con anterioridade ó final do seu prazo de vixencia.

7) A duración total non poderá superar os tres anos.

## C) PREZO.

O prezo unitario obxecto da contratación obriga ó empresario durante o prazo de execución do contrato, realizando as subministracións conforme ás necesidades da sociedade ou fundación pública e dentro dos prazos de entrega pactados.

O importe final do contrato virá determinado aplicando o prezo ó número de unidades que subministre o adxudicatario.

Os prezos resultantes da adxudicación serán revisables cando así se determine de forma expresa. A fórmula ou sistema de revisión será o que se estableza no Cadro de Características.

## D) CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

### 1) *CAPACIDADE.*

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### *SOLVENCIA.*

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Pola relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos.
- Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa.
- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas participantes no contrato, así como grao de estabilidade do persoal integrado na empresa.
- Mostras, descricións e fotografía dos productos a subministrar.
- Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade.

## E) LICITACIÓ N.

### 1) *PRESENTACIÓ N DE PROPOSICIÓ NS.*

As presentacións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado xustificando a data de imposición do envío, anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

## CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido, o nome do licitador e o obxecto da subministración.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das condicións deste prego.

### 2.1 SOBRE Nº 1

***TÍTULO: DOCUMENTACIÓN XERAL.***

**CONTIDO:**

**I Solvencia económica e financeira , e técnica.**

A solvencia economica e finaceira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

**II** Presentará ademáis a documentación seguinte:

a) documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

b) Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional,

no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

c) No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitua regulamentariamente.

d) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

e) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

f) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- :Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

8- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE), e de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

g) As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996 do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

h) Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional, agás que estea dispensado desta obriga.

i) No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

j) Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

k) Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

III De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995 , do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/ 1995.

## 2.2 SOBRE Nº2.

***TÍTULO: REFERENCIAS TÉCNICAS.***

1- Xustificación dos prazos de entrega nos que o licitador se compromete a efectuar a subministración dos bens desde que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos personais e materiais para a realización da subministración.

2- Catálogos, descricións, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avalia-la adecuación das subministracións ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións técnicas.

3- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación.

## 2.3 SOBRE Nº 3.

***TÍTULO: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.***

Neste Sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador. A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considera-la oferta.

# F) ADXUDICACIÓN.

***CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN.***

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral (sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de emendar, procederá á súa notificación por fax ou

telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa emenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abrirá os sobre Nº 2 e 3.

## CRITERIOS BÁSICOS.

1) Para a valoración das proposicións, a Comisión de selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

2) O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

3) Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

## PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de

Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento pola Administración.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio pola Administración, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

## *EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.*

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

### *ADXUDICACIÓN.*

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Selección, o órgano de Contratación no prazo de 3 meses a partir da data de apertura das proposicións, salvo que se estableza outro prazo no Cadro Resumo de Características, procederá á adxudicación do contrato, sen prexuízo de motivar a súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión.

A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación e calquera que sexa o procedemento seguido será notificada ós participantes na licitación.

## G) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

### *DOCUMENTACIÓN.*

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o órgano de Contratación, e sempre que esta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1º. Documentación que se recolle no apartado F), 3 deste prego

2º. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.

4º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

### *DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN.*

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Ó contrato que se formalize uniranse, como anexos un exemplar deste prego de condicións xurídicas e do Prego de condicións técnicas, formando parte íntegra do contrato.

## Garantía definitiva

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existencia de garantía global esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha **garantía adicional**, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

## H) EXECUCIÓN DO CONTRATO.

### *ENTREGA E RECEPCIÓN.*

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto da subministración que se determinen en función das necesidades da sociedade ou fundación pública. A entrega efectuarase no lugar sinalado a tal efecto no contrato.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuizos ocasionados nos bens antes da súa entrega á entidade contratante, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

O acto formal de recepción dos bens materializarase, dentro do mes seguinte á comunicación do adxudicatario de finalizar a entrega completa, pola entidadecontratante previa comprobación polos medios que considere oportunos, da efectiva subministración dos bens de que se trate.

***ABOAMENTOS Ó ADXUDICATARIO.***

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do prezo das subministracións efectivamente

entregadas e formalmente recibidas pola sociedade ou fundación pública de acordo coas condicións establecidas no apartado anterior.

***GASTOS ESIXIBLES Ó CONTRATISTA.***

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, e calquera outros gastos ós que houbera lugar para a formalización ou execución do contrato.

***IMPOSTOS.***

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o imposto de valor engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independientes.

# Prego Tipo: Contrato de Acordo Marco de subministracións, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.

# PREGO TIPO DE CONDICIÓ NS XURÍDICAS PARA A CONTRATACIÓ N DE SUBMINISTRACIÓ NS DE PRODUCTOS OU BENS MOBLES POR CONCURSO ABERTO MEDIANTE O SISTEMA DE DETERMINACIÓ N DE TIPO.

A) ELEMENTOS DO CONTRATO.

1- Procedemento e forma de adxudicación.

2- Publicidade e gastos.

B) OBXECTO DO CONTRATO.

1. Concepto.
2. Inclusión individualizada de productos.
3. Variantes.
4. Prazo de execución do contrato. Prórroga.

C) PREZO

1. Prezo unitario.
2. Revisión de prezos.

D) CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

1. Capacidade.
2. Solvencia.

E) LICITACIÓ N.

1. Presentación de proposicións.
2. Contido das proposicións.

2.1. Sobre nº 1.

2.2. Sobre nº 2

2.3. Sobre nº 3

F) ADXUDICACIÓ N.

1. Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.
2. Criterios básicos
3. Proposta de adxudicación.
4. Efectos da proposta de adxudicación.
5. Adxudicación.

G) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1. Documentación.
2. Documento de formalización.

H) PROCEDEMENTOS NEGOCIADOS DERIVADOS DO CONCURSO.

1. Réxime da contratación.
2. Procedemento e forma de adxudicación.
3. Proposta de adxudicación.
4. Adxudicación.
5. Formalización do contrato.

I) EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Entrega e recepción
2. Aboamentos ó adxudicatario.
3. Gastos esixibles ó contratista.
4. Impostos.

## A. ELEMENTOS DO CONTRATO.

### 1. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

1.1. O contrato de adopción de tipo adxudicarase en procedimento aberto, mediante concurso, para dar cumprimento ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade previstos na Lei 10/1996, do 5 de novembro.

1.2. Os contratos de adxudicación de subministracións derivados do presente concurso de determinación de tipo, adxudicaranse en procedemento negociado sen publicidade.

### PUBLICIDADE E GASTOS

Os gastos que orixine a publicación dos anuncios do presente concurso serán de conta do adxudicatario/s do mesmo, sen que poida imputarse á entidade contratante ningún pagamento por tal concepto.

## B. OBXECTO DO CONTRATO.

### CONCEPTO

1.1. O presente contrato ten por obxecto a determinación do tipo e a selección de proveedores do ben ou bens descritos no cadro de características do contrato.

1.2. A licitación versará sobre cada ben descrito no apartado anterior. No suposto de que os bens se agrupen en LOTES poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitación pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote. Cando os lotes inclúen artigos diferenciados, a oferta especificará o prezo de cada un.

1.3. As subministracións que realizará o contratista non se definen no momento de celebra-lo contrato de adopción de tipo, quedando condicionadas ás adxudicacións que se celebren polo órgano de contratación.

1.4. O contratista que subministrará os bens obxecto da presente contratación, farao na forma, condicións e conforme ás características e calidades que se especifiquen no Prego de Condicións Xurídicas e no Prego de Condicións Técnicas.

## *INCLUSIÓN INDIVIDUALIZADA DE PRODUCTOS*

2.1. Poderá realizarse a inclusión no tipo determinado de productos que reúnan as seguintes condicións:

a) O producto pertenza ó tipo.

b) Cumpra as especificacións técnicas do tipo fixadas no Prego de Condicións Técnicas.

c) O prezo non supere os máximos autorizados para os productos do tipo.

2.2. A inclusión iniciarase mediante resolución do órgano de contratación do concurso que habilitará un procedemento de adxudicación que cos requisitos, garantías e condicións previstas para a adxudicación inicial formalizarase mediante a solicitude de ofertas ás empresas adxudicatarias do concurso.

2.3. O procedemento de inclusión poderase iniciar cunha periodicidade mínima de seis meses.

2.4. A resolución de admisión formalizarase previa proposta da Comisión de Selección que avaliará a adecuación do producto ás condicións previstas no apartado 2.1.

2.5. Os productos incluiranse no tipo ampliando os contratos das empresas adxudicatarias.

### *VARIANTES*

No suposto en que se admitan variantes, os licitadores poderán introducir nas súas proposicións variantes ou alternativas que co mesmo ou distinto prezo, pero sempre igual ou inferior ó orzamento de licitación, incorporen, para a prestación da subministración, solucións ou alternativas ás definidas nas condicións técnicas.O licitador. As variantes ou alternativas que se presenten só poderán afectar para caso que se especifique, ós elementos definidos no Cadro de Características do Contrato.

### *PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO. PRÓRROGA.*

4.1. O prazo de execución do contrato será o establecido no Cadro de Características.

4.2. O prazo de execución poderá ser obxecto de prórroga por mutuo acordo das partes, formalizado de forma expresa con anterioridade ó final do seu prazo de vixencia. O límite desta prórroga virá determinado, en todo caso pola resolución do concurso inmediato posterior.

## C. PREZO.

### 1) *PREZO UNITARIO*

1.1. O prezo unitario máximo de licitación para cada ben obxecto de contratación é o indicado no Cadro de Características. O prezo unitario ofertado polo contratista, que non poderá exceder do prezo de licitación, ten a condición de máximo puidendo ser mellorado nas adxudicacións que se celebren nas sociedades ou fundacións públicas.

1.2. Cando se agrupen varios bens nun mesmo lote, o prezo sinalado para cada ben que integra o lote ten a consideración de máximo na licitación do concurso. Neste caso, as proposicións deberán defini-lo prezo unitario para cada un dos bens que conforman o lote.

1.3. O prezo ten carácter global, polo que inclúe tódolos factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato, en

particular inclúense o imposto sobre o valor engadido ó tipo impositivo vixente no momento da licitación.

### REVISIÓN DE PREZOS.

Os prezos resultantes da adxudicación serán revisables cando así se determine de forma expresa. A fórmula ou sistema de revisión será o que se estableza no no Cadro de Características.

## D. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

### CAPACIDADE.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con

designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

## *SOLVENCIA.*

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Pola relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos.
- Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegura-la calidade e os medios de estudio e investigación da empresa.

- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas participantes no contrato, así como grao de estabilidade do persoal integrado na empresa.
- Mostras, descricións e fotografía dos productos a subministrar.
- Certificacións establecidas polos institutos ou servicios oficiais ou homologados encargados do control de calidade.

## E. LICITACIÓ N.

### *PRESENTACIÓ N DE PROPOSICIÓ NS.*

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado xustificando a data de imposición do envío, anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

### *CONTIDO DAS PROPOSICIÓ NS.*

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou

persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido, o nome do licitador e o obxecto da subministración.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das condicións deste prego.

## 2.1 SOBRE Nº 1

***TÍTULO: DOCUMENTACIÓN XERAL.***

**CONTIDO:**

**I** Solvencia económica e financeira , e técnica.

A solvencia economica e finaceira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

**II** Presentará ademáis a documentación seguinte:

**a)** O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

**b)** No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitua regulamentariamente.

**c)** Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

**d)** Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que

deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

**e)** Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravames segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

8- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa

Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

**f)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

**g)** Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional, agás que estea dispensado desta obriga.

**h)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

i) Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

III De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995 , do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/ 1995.

## 2.2. SOBRE Nº2

***TÍTULO: REFERENCIAS TÉCNICAS***

1- Xustificación dos prazos de entrega nos que o licitador se compromete a efectuar a subministración dos bens desde que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos personais e materiais para a realización da subministración.

2- Catálogos, descricións, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das subministracións ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións técnicas.

3- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación.

### 2.3. SOBRE Nº 3

***TÍTULO: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.***

Neste Sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador. A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considera-la oferta.

## F. ADXUDICACIÓN.

### *1) CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN.*

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral (sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abrirá os sobre Nº 2 e 3.

### *2) CRITERIOS BÁSICOS.*

a) Para a valoración das proposicións, a Comisión de selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

b) O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada.

Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

c) Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

### *3) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.*

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento pola Administración.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio pola Administración, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

## 4) EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

## 5) ADXUDICACIÓN.

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Selección, o órgano de Contratación no prazo de 3 meses a partir da data de apertura das proposicións, salvo que se estableza outro prazo no Cadro Resumo de Características, procederá á adxudicación do contrato, sen prexuízo de motivar a súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudica-lo presente concurso de determinación de tipo a un ou varios licitadores ou declaralo deserto na súa totalidade ou en parte motivando en todo caso a súa resolución.

A adxudicación do contrato, unha vez acordada polo órgano de contratación e calquera que sexa o procedemento seguido será notificada ós participantes na licitación.

## G. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

### *1) DOCUMENTACIÓN.*

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o Órgano de Contratación, e sempre que esta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1º. Documentación que se recolle no apartado F), 3 deste prego

2º. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.

4º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

### *2) DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN.*

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Ó contrato que se formalize uniranse, como anexos un exemplar deste Prego de condicións xurídicas e do Prego de condicións técnicas, formando parte íntegra do contrato.

## H. PROCEDEMENTOS NEGOCIADOS DERIVADOS DO CONCURSO

### *REXIME DA CONTRATACIÓN.*

Unha vez resolto o concurso de determinación de tipo, o adxudicatario adquire a condición de contratista da sociedade ou fundación pública para o ben ou producto estipulado e durante o prazo de execución previsto.

As sociedades e fundacións públicas comprendidas no concurso están obrigadas a adquiri-los bens ou productos adxudicados entre os contratistas.

As adxudicacións dos bens obxecto da presente contratación realizarase mediante procedemento negociado.

### *3) PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.*

O órgano de contratación constituirá unha Comisión de selección, que terá, neste procedemento, carácter potestativo. De constituírse a devandita Comisión, ésta procederá do xeito especificado no apartado F).

O órgano de contratación solicitará ós contratistas a súa oferta mediante escrito de invitación. No caso de non presentar oferta en resposta á invitación formulada, entenderase que o contratista mantén as condicións das proposicións presentadas en fase de concurso.

O prazo para a presentación de ofertas será de dez días naturais dende a data de envío da invitación escrita. O sobre contendo a oferta deberá presentarse pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente no lugar especificado no escrito de invitación.

O órgano de contratación designará ó servicio ou departamento que promoverá a contratación e desenvolverá as actuacións previas de avaliación e, no seu caso, negociación da oferta cos contratistas cando se considere que as ofertas son susceptibles de mellora, que concluirá cun informe ante a Comisión de selección. No caso de modificación da oferta inicial, acreditarase a oferta final nas mesmas condicións que a inicial.

### 4) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Vista a documentación e informe, a Comisión, no seu caso, reunirase, e formulará a proposta de adxudicación, que será elevada ó órgano de contratación que houbese de efectua-la adxudicación do contrato, xunto coa acta e as ofertas presentadas.

### 5) ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación, previos os informes técnicos correspondentes adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses, a contar dende a presentación das ofertas.

O órgano de contratación deberá realiza-la adxudicación de acordo coa proposta formulada pola Comisión de Selección. No caso de separarse da devandita proposta, deberá motiva-la devandita decisión.

A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na contratación.

### 6) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase dentro do prazo de trinta días naturais dende o seguinte ó da notificación da adxudicación.

## Garantía definitiva

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existenca de garantía global, esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de

modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

## I.EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 1) *ENTREGA E RECEPCIÓN.*

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto da subministración que se determinen en función das necesidades da sociedade ou fundación pública. A entrega efectuarase no lugar sinalado a tal efecto no contrato.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuizos ocasionados nos bens antes da súa entrega á entidade contratante, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

O acto formal de recepción dos bens materializarase, dentro do mes seguinte á comunicación do adxudicatario de finalizar a entrega completa, pola entidadecontratante previa comprobación polos medios que considere oportunos, da efectiva subministración dos bens de que se trate.

### 2) *ABOAMENTOS O ADXUDICATARIO.*

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola sociedade ou fundación pública de acordo coas condicións establecidas no apartado anterior.

### *3) GASTOS ESIXIBLES Ó CONTRATISTA.*

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, e calquera outros gastos ós que houbera lugar para a formalización ou execución do contrato.

### *4) IMPOSTOS.*

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluido o imposto de valor engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

# Prego tipo: Contrato de Consultoría e Asistencia e de Servicios, procedemento aberto. Adxudicación por concurso.

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO POLO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA E DE SERVICIOS.


1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

- 2.1.- Disposicións Xerais.
  - 2.1.1.- Obxecto do contrato.
  - 2.1.2.- Prezo do contrato.
  - 2.1.3.- Prazo de execución dos traballos.
  - 2.1.4.- Prazo de garantía.
- 2.2.- Condicións especiais de licitación.
  - 2.2.1.- Licitadores.
  - 2.2.2.- Clasificación e Solvencia.
  - 2.2.3.- Garantía provisional.
  - 2.2.4.- Presentación de proposicións.
  - 2.2.5.- Contido das proposicións.
    - 2.2.5.1.- Sobre Nº 1.
    - 2.2.5.2.- Sobre Nº 2.
    - 2.2.5.3.- Sobre Nº 3.
  - 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.
    - 2.2.6.1.- Criterios Básicos.
  - 2.2.7.- Proposta de Adxudicación.
  - 2.2.8.- Efectos da Proposta de Adxudicación.
  - 2.2.9.- Adxudicación.
- 2.3.- Formalización do contrato.
  - 2.3.1.- Documentación.
  - 2.3.2.- Garantía Definitiva.
  - 2.3.3.- Documento de formalización.

2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

2.4.2.- Obrigas do contratista.

2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

2.4.4.- Impostos.

2.4.5.- Revisión de Prezos.

2.5.- Risco e Ventura.

2.5.1.- Dirección dos traballos.

2.5.2.- Programa de traballo.

2.6.- Suspensión dos traballos.

2.7.- Conclusión do contrato.

2.7.1.- Recepción e liquidación.

2.7.2.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

2.8.- Prórroga.

3.- ANEXOS.

## 1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.

O emprego do concurso polo procedemento aberto xustifícase coa obriga de materializa-lo cumprimento dos principios publicidade, concorrencia e obxectividade da Lei 10/1996, do 5 de novembro.

## 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

### 2.1.- Disposicións Xerais

#### 2.1.1.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a prestación dos servicios de consultoría e asistencia e dos Servicios indicados no Cadro de Características do Contrato.

O Prego de Condicións Técnicas, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán á disposición dos concursantes, para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións.

Na proposta OFERTARASE INEXCUSABLEMENTE UNHA SOLUCIÓN BASE QUE SE AXUSTARÁ NECESARIAMENTE Ó PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES E Ó PRAZO DE EXECUCIÓN DEFINIDO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS. Poderán presentar, ademais, cando asi se estableza no cadro de características, unha variante ou alternativa.

#### 2.1.2.- Prezo do contrato.

O importe do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo formulado pola entidade contratante e NON SERÁ , EN CASO NINGÚN, SUPERIOR Á UNIDADE.

A estes efectos o orzamento aprobado é o que figura na primeira páxina do presente Prego, no Cadro de características do Contrato.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

### 2.1.3.- Prazo de execución dos traballos.

O prazo de execución dos traballos vendrá indicado no Cadro de Características.

O prazo de execución dos traballos e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballos; os ditos prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato.

### 2.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía dos traballos será o establecido no Cadro de características, computándose a partir da data de subscrición da acta de recepción destes.

## 2.2.- Condicións Especiais de Licitación.

### 2.2.1.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ó obxecto do contrato, se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades ou fundacións públicas.

A proba pola parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coa sociedade ou fundación pública poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no

Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

### 2.2.2.- Clasificación e Solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- As titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular do persoal responsable da execución do contrato.
- Unha relación dos principais servicios e traballos realizados nos últimos tres anos.
- Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato.
- Unha declaración que indique o promedio anual de persoal, con mención, no seu caso, do grao de estabilidade no emprego e a plantilla de persoal directivo durante os tres últimos anos.
- Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.
- Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controla-la calidade, así coma dos medios de estudio e de investigación de que dispoñan.

### 2.2.3.- Garantía provisional.

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe que figura no Cadro de Características.

A garantía provisional poderá ser dispensada se así se fai constar no Cadro Resumo de Características, cando a contía do contrato sexa inferior á que determina a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Así mesmo eximirase da prestación da garantía provisional ós licitadores que constituísen a garantía global. A garantía global é aquela que se constitúe polo contratista con referencia a tódolos contratos que se celebren coa sociedade ou fundación pública sen especificación singular para cada contrato.

## 2.2.4.- Presentación de proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

## 2.2.5.- Contido das proposicións.

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar o seu respectivo contido e do nome do licitador, así como se é o caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas Comunidade Autónoma.

A presentación de proposicións presume por parte do empresario a aceptación incondicionada das Cláusulas deste Prego.

### 2.2.5.1. Sobre número 1

***TÍTULO: Documentación xeral.***

**CONTIDO:**

I) Solvencia económica e financeira , e técnica.

A solvencia economica e finaceira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

**II)** Presentará ademáis a documentación seguinte:

**a)** O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto

fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

**b)** No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitua regulamentariamente.

**c)** Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

**d)** Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

**e)** Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas:

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

*8*- Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas ( IAE ), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

**g)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996 do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

h) Documento xustificativo de ter constituida a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

i) No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

j) Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

III De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995 , do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/ 1995.

### 2.2.5.2.Sobre número 2

***TÍTULO: Referencias Técnicas.***

1- Organización con elementos persoais para a realización do traballo. Achegaranse relación de persoal, que se compromete a adscribir ó contrato co "historial profesional" do xefe de estudio e, con especial énfase en actuacións similares ás do contrato.

2- Programa de traballo, no que o licitador detallará a metodoloxía para desenvolvemento do traballo e onde se xustifiquen debidamente os prazos parciais e totais ofertados.

Adicionalmente, deberá presentarse unha relación dos medios materiais que se propoñen para a realización dos traballos, na que se indicará a localización da oficina onde estes se desenvolverán.

3- O licitador definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos en caso de ser adxudicatario.

Para iso deberá achegar os datos seguintes:

- - Medidas implantadas na empresa para asegurar a calidade dos seus traballos.
- - Descrición dos aspectos máis significativos do plan de calidade, que o licitador propón para o presente contrato.

### 2.2.5.3.Sobre número 3

***TÍTULO: Proposición Económica.***

Neste Sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador.

Na dita proposición presentaranse unha oferta, ou dúas, como máximo, que se corresponderán coas dúas solucións propostas, no caso de admitirse a presentación de variantes.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considera-la oferta.

## 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral ( Sobre Nº1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión observa defectos materiais susceptibles de emendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa emenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abrirá os Sobres Nº 2 e 3.

### 2.2.6.1.- Criterios básicos.

a) Para a valoración das proposicións, a Mesa de Contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá as puntuacións que como mínimo deberán acadarse para seren consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

b) O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

c) Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

## 2.2.7.- Proposta de adxudicación.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó Órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento pola Administración.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio pola Administración, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

### 2.2.8.- Efectos da Proposta de adxudicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

### 2.2.9.- Adxudicación.

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Selección, o órgano de Contratación no prazo de 3 meses a partir da data de apertura das proposicións, salvo que se estableza outro prazo no Cadro Resumo de Características, procederá á adxudicación do contrato, sen prexuízo de motivar a súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión.

## 2.3.- Formalización do contrato.

### 2.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o órgano de Contratación, e sempre que esta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1º. Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

2º. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3º. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.

4º. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación do contrato, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

## 2.3.2.- Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días

desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existencia de garantía global esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contado dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe ó comezo deste Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

## 2.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e Obrigas das partes.

### 2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

O contratista terá dereito ó aboamento da prestación realizada nos termos establecidos

no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección dos traballos, existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición do contratista, por operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste.

### 2.4.2.- Obrigas do contratista.

#### 2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

#### 2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro de prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, estarase ó réxime de penalidades establecido pola sociedade ou fundación pública.

### 2.4.3.- Gastos esixibles ó Contratista.

Son de conta do Contratista, os gastos que puidesen orixinarse da formalización do contrato. así coma:

- As indemnizacións a que dean lugar as ocupacións temporais de terreos que sexan necesarias para a realización dos traballos.
- Os que se requiran para a obtención de autorizacións, licencias, documentos, ou calquera información de organismos oficiais ou particulares.
- Os correspondentes a probas, ensaios de materiais, prospeccións xeofísicas e, en xeral, de cantos traballos ou informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do estudio ou servicio e para a súa comprobación.
- Os impostos, dereitos, taxas, compensacións e demais gravames ou gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.
- Calquera outros gastos necesarios para a realización do contrato.

### 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluído o Imposto

de Valor Engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes

### 2.4.5.- Revisión de Prezos.

A fórmula de revisión de prezos será a establecida no Cadro de Características, agás

que por resolución motivada se estableza a improcedencia desta.

## 2.5.- Risco e ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista agás nos casos de forza maior.

### 2.5.1.- Dirección dos Traballos.

A entidade ou fundación pública, a través da dirección dos traballos, levará a cabo a comprobación, coordinación e vixilancia para a completa realización da consultoría e asistencia ou do servicio.

### 2.5.2.- Programa de traballo.

O contratista está obrigado a presentar un programa de traballos no prazo de (15) días a contar dende a notificación da adxudicación definitiva.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instruccións que, a estes efectos reciba.

## 2.6.- Suspensión dos traballos.

Se a entidade ou fundación pública acordase a suspensión dos traballos, procederase a levantara unha acta na que se consignará as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato. O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

## 2.7.- Conclusión do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos

termos deste e á satisfacción da entidade ou fundación pública a totalidade do seu obxecto.

### 2.7.1.- Recepción.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescripcións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, poderá rexeita-la mesmo quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

### 2.7.2.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaren responsabilidades que houbesen

de exercitarse sobre a garantía e transcurrido o prazo da mesma, no seu caso, dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

## 2.8.- Prórroga.

Os contratos de consultoría e asistencia e os de servicios non poderán ter un prazo de vixencia superior a dous anos, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e prórroga por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro ( 4 ) anos, nin estas poidan ser concertadas, ailladas ou conxuntamente por un prazo superior ó fixado orixinariamente.

# 3.- ANEXOS.

## MODELO DE PROPOSICIÓN

Don ---------------------------------, con domicilio en -----------------, provincia de ---------, rúa ---- -------------número----------- e D.N.I. número-------------, en nome (propio), ou (da Empresa que representa)------------------------------------con C.I.F.-----------, enterado do anuncio publicado no ---------------- do día ----- de ------- de--------- e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos de ------------------------------------------------------ ---------------------------------------------------------------------------------------------------------------- provincia de -----------------------------comprométese a tomar ó seu cargo a execución dos mesmos, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido:

| PRAZO EXECUC. | CANTIDADE EN LETRA | NUMERO |
|---|---|---|

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

Santiago de Compostela, a---------de--------------------------de 20--

(Data e Sinatura do propoñente)

# Prego tipo: Contrato de Consultoría e Asistencia e de Servicios, procedemento negociado sen publicidade.

# PREGO DE CONDICIÓNS XURÍDICAS QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA E DE SERVICIOS POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

1.-XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

2.-CONDICIÓNS XURÍDICAS

2.1.- Disposicións Xerais.

2.1.1.- Obxecto do contrato.

2.1.2.- Prezo do contrato.

2.1.3.- Execución dos traballos

2.1.4.- Prazo de garantía.

2.2.- Condicións especiais de licitación.

2.2.1.- Licitadores.

2.2.2.- Solvencia.

2.2.3.- Garantía provisional.

2.2.4.- Presentación de proposicións.

2.2.5.- Contido das proposicións.

Documentación Xeral.

Referencias Técnicas.

Proposición Económica.

2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

2.2.7.- Adxudicación.

2.3.- Formalización do contrato.

2.3.1.- Documentación.

2.3.2.- Garantía definitiva.

2.3.3.- Documento de formalización.

2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

2.4.2.- Obrigas do contratista.

2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.

2.4.4.- Impostos.

2.4.5.- Revisión de prezos.

2.5.- Risco e ventura.

2.5.1.- Dirección dos traballos.

2.5.2.- Programa de traballos.

2.6.- Suspensión dos traballos.

2.7.- Conclusión do contrato.

2.7.1.- Recepción.

2.7.2.- Devolución e cancelación das garantías.

2.8.- Prórroga.

3.- ANEXOS.

## 1.-XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

O procedemento negociado sen publicidade xustifícase pola concorrencia de calquera das circunstancias seguintes:

**a)** Cando o contrato non chegare a adxudicarse nun procedemento aberto ou restrinxido por falla de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo, que non poderá ser aumentado en máis dun 10%.

**b)** Cando a causa da súa especificidade técnica, artística ou por motivos relacionados coa protección de dereitos exclusivos, tan só poida encomendarse o obxecto do contrato a un único empresario.

**c)** Cando unha imperiosa urxencia, resultante de acontecimientos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución.

**d)** Os estudios, servicios ou traballos complementarios que non figuren no proxecto, nin no contrato, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas e a súa execución se confíe ó contratista principal de acordo cos prezos que rexen para o contrato inicial ou, no seu caso, fosen fixados contradictoriamente.

**e)** Estes traballos non poden separarse técnica ou economicamente do contrato principal, e o importe acumulado dos mesmos non superará o 20% do importe do contrato primitivo.

**f)** Cando se trate da repetición de estudios, servicios ou traballos similares a outros adxudicados por procedemento aberto ou restrinxido, sempre que os primeiros se incluísen no anuncio do devandito procedemento aberto ou restrinxido e computado o seu importe para fixa-la contía total do contrato. Unicamente se poderá recorrer a este procedemento durante un período de tres anos a partir da formalización do contrato inicial.

**g)** Os que se refiren a contratos de servicios cunha uniformidade declarada necesaria para a súa utlización común pola sociedade ou fundación pública, sempre que a adopción do tipo de que se trate se efectuase, previa e independentemente en virtude de concurso.

**h)** Os de orzamento inferior a 5.000.000 de pesetas.

# 2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.

## 2.1.- Disposicións Xerais.

### 2.1.1.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a prestación dos servicios de Consultoría e Asistencia e de Servicios indicados no Cadro de Características do contrato.

Soamente serán obxecto de negociación:

- A oferta económica.
- O prazo.
- Os extremos relativos á oferta técnica que se especifiquen neste Prego baixo a rúbrica de "referencias técnicas",e no seu caso no Prego de condicións técnicas, nas condicións que na mesma se recolla.

Tal negociación considerarase efectuada pola propia presentación das ofertas de onde se recollan os extremos modificados ou mellorados.

Todos estes extremos virán refundidos nunha única oferta técnica e económica.

### 2.1.2.- Prezo do contrato.

O importe do contrato será o que resulte da adxudicación deste.

O coeficiente de adxudicación deducirase dividindo o orzamento ofertado polo formulado pola entidade contratante e non será, en ningún caso, superior á unidade.

A estes efectos o orzamento formulado pola sociedade ou fundación pública é o que figura na primeira páxina do presente Prego, no Cadro de Características do Contrato.

Entenderase que o orzamento ofertado inclúe o Imposto sobre o Valor Engadido, sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

### 2.1.3.- Prazo de execución dos traballos.

O prazo de execución dos traballos e os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballos; os ditos prazos comezarán a contar a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato.

### 2.1.4.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía será o especificado no Cadro de características do contrato.

Poderanse exceptuar do prazo de garantía aqueles contratos no que pola súa natureza e características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación.

## 2.2.- Condicións especiais de licitación.

### 2.2.1.- Licitadores.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ó obxecto do contrato, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas e fosen **PREVIAMENTE INVITADAS** a participar no procedemento.

A proba pola parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades ou fundacións públicas, poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non selo, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de se-lo caso, no Rexistro oficial correspondente. Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acredita-la inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acredita-la súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, acreditarán todas a súa capacidad de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor. Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

## 2.2.2.- Solvencia.

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servicios realizados nos últimos tres anos.

Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- As titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular do persoal responsable da execución do contrato.
- Unha relación dos principais servicios e traballos realizados nos últimos tres anos.
- Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato.
- Unha declaración que indique o promedio anual de persoal, con mención, no seu caso, do grao de estabilidade no emprego e a plantilla de persoal directivo durante os tres últimos anos.
- Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico de que dispoña o empresario para a realización do contrato.
- Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controla-la calidade, así coma dos medios de estudio e de investigación de que dispoñan.

### 2.2.3.- Garantía provisional.

Neste procedemento o órgano de contratación poderá non esixir a constitución da garantía provisional.

### 2.2.4.- Presentación de Proposicións.

As proposicións presentaranse no lugar edentro do prazo sinalado na invitación cursada ó efecto, ou serán enviadas por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ó órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

## 2.2.5.- Contido das proposicións.

As proposicións constarán dun (1) Sobre pechado e asinado polo empresario ou persoa que o represente, e nel farase constar o seu contido e o nome do licitador, así como no seu caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

A presentación de proposicións presume pola parte do empresario a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego e deberá contar a seguinte documentación:

### Documentación Xeral (Designación do traballo ).

**I)** Tódolos documentos ós que se refire este apartado presentaranse en orixinal ou mediante copias que teñan o carácter de auténticas.

A documentación a presentar é a seguinte:

**I-A) Para as solicitudes formuladas por españois:**

**a)** Fotocopia compulsada do NIF ou CIF.

**b)** O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación- se a empresa fose persoa xurídica- da escritura de constitución ou modificación se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

**c)** No caso de empresarios individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.

**d)** Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar

os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.

**e)** Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán acredita-la representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán achegar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.

**f)** Declaración responsable outorgada ante autoridade administrativa ou notario público de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades ou fundacións públicas. Non poderán contratar con estas as persoas físicas ou xurídicas **:**

1- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.

2- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.

3- Que sexan condenadas por sentencia firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

4- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.

5- Que non estean ó corrente nas súas obrigas realtivas ó pago de impostos e gravámenes segundo as disposicións legais vixentes.

6- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ó proporciona-la documentación esixida no procedemento.

7- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.

*8-* Que se atopen incursas nalgún dos supostos previstos na lexislación vixente de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ó servicio das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ó corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE), e de encontrarse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atoparan caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

**g)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 53/ 1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas e a Lei 5/ 1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

A dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.

h) Documento xustificativo de ter constituída a garantía provisional in dicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.

i) Acreditación da solvencia financeira, económica e técnica polos medios precisados nos parágrafos anteriores.

***I-B) Para as solicitudes formuladas por estranxeiros:***

Requirirase a mesma documentación esixida no apartado anterior e ademais:

**a)** Os contratistas nos españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes

**b)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular na que no seu ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, informe de reciprocidade.

**c)** Declaración solemne de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e execución dos contratos.

Os contratistas estranxeiros presentarán os documentos que deben achegar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

**II)** De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma estarase ó disposto no Decreto 199/ 1995, do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.

Así mesmo estarase ó disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995, de desenvolvemento do Decreto 199/ 1995.

## Referencias Técnicas.

1- Organización con elementos persoais para a realización do traballo. Achegaranse relación de persoal, que se compromete a adscribir ó contrato co "historial profesional" do xefe de estudio e, con especial énfase en actuacións similares ás do contrato.

2- Programa de traballo, no que o licitador detallará a metodoloxía para desenvolvemento do traballo e onde se xustifiquen debidamente os prazos parciais e totais ofertados.

Adicionalmente, deberá presentarse unha relación dos medios materiais que se propoñen para a realización dos traballos, na que se indicará a localización da oficina onde estes se desenvolverán.

3- O licitador definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos en caso de ser adxudicatario. Para iso deberá achegar os datos seguintes:

- Medidas implantadas na empresa para asegurar a calidade dos seus traballos.
- Descrición dos aspectos máis significativos do plan de calidade, que o licitador propón para o presente contrato.

## Proposición Económica.

A proposición económica deberá estar formulada estrictamente con arreglo ó modelo se inclúe como Anexo ó presente Prego. A proposición económica acompañarase da xustificación detallada do importe ofertado.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

## 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.

Neste procedemento negociado,a constitución da Comisión de Selección terá carácter potestativo.

No caso de constitución da mesma:

- A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de emendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ó interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa emenda.

- Para a valoración das proposicións, a Comisión de selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá ás puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección ós efectos da adxudicación.

O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluidas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.

No obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ó órgano de Contratación a proposta pertinente que incluirá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do propoñente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

### 2.2.7.- Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ó empresario xustificadamente elixido, debendo deixar constancia no expediente das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas por este.

No suposto de non terse presentado na oferta, ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

Para a presentación das citadas certificacións concédese un prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación do requirimento polo órgano de contratación.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atopasen caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por este, que se solicitará de oficio polo órgano de contratación, surtirá plenos efectos en relación ó indicado no parágrafo anterior.

## 2.3.- Formalización do contrato.

### 2.3.1.- Documentación.

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o ó rgano de Contratación:

1- Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.

2- Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.

3- No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

## 2.3.2.- Garantía definitiva.

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 dias dende que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de Características do contrato.

No suposto de que teña constituida unha garantía global, esta responderá do cumprimento polo adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando a consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contados dende a data en que se notifique ó empresario o acordo de modificación para que garde a debida proporción co orzamento vixente en cada momento.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha garantía adicional, así se fará constar no Cadro de Características.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

## 2.3.3.- Documento de formalización.

O adxudicatario queda obrigado a suscribir o contrato dentro do prazo de trinta (30) dias naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación, o correspondente documento de formalización do contrato, sinalado no Cadro de Características.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ó seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

## 2.4.- Dereitos e obrigas das partes.

### 2.4.1.- Aboamentos ó contratista.

O contratista terá dereito ó aboamento da prestación realizada nos termos establecidos no contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar os traballos no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección dos traballos, existisen razóns para estimalo inconveniente.

Nembargantes, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada para cada exercicio.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición do contratista, por operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste.

### 2.4.2.- Obrigas do contratista.

#### 2.4.2.1.- Obrigas laborais e sociais.

O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.

#### 2.4.2.2.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro de prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Caso de excederse o prazo fixado polo licitador na súa proposta e por causa imputable a este, estarase ó réxime de penalidades establecido pola sociedade ou fundación pública.

### 2.4.3.- Gastos esixibles ó Contratista.

Son de conta do contratista, os gastos que puidesen orixinarse da formalización do contrato así coma:

- As indemnizacións a que dean lugar as ocupacións temporais de terreos que sexan necesarias para a realización dos traballos.
- Os que se requiran para a obtención de autorizacións, licencias, documentos, ou calquera información de organismos oficiais ou particulares.
- Os correspondentes a probas, ensaios de materiais, prospeccións xeofísicas e, en xeral, de cantos traballos ou informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do estudio ou servicio e para a súa comprobación.
- Os impostos, dereitos, taxas, compensacións e demais gravames ou gastos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.
- Calquera outros gastos necesarios para a realización do contrato.

### 2.4.4.- Impostos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluído o Imposto sobre o  Valor Engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

### 2.4.5.- Revisión de Prezos.

A fórmula de revisión de prezos será a establecida no Cadro de Características, agás que por resolución motivada se estableza a improcedencia desta.

## 2.5.- Risco e ventura.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista agás nos casos de forza maior.

### 2.5.1.- Dirección dos Traballos.

A entidade, a través da dirección dos traballos, levará a cabo a comprobación, coordinación e vixilancia para a completa realización da consultoría e asistencia ou do servicio.

### 2.5.2.- Programa de traballo.

O contratista está obrigado a presentar un programa de traballos no prazo de (15) días a contar dende a notificación da adxudicación definitiva.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ó día deste Programa, seguindo as instruccións que, a estes efectos reciba.

## 2.6.- Suspensión dos traballos.

Se a entidade acordase a suspensión dos traballos, procederase a levantar unha acta na que se consignará as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato. O órgano de contratación aboará ó contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

## 2.7.- Conclusión do contrato.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste e á satisfacción da entidade ou fundación pública a totalidade do seu obxecto.

### 2.7.1.- Recepción.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescripcións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións

contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. S e os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, poderá rexeita-la mesmo quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

### 2.7.2.- Devolución e cancelación das garantías definitivas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultaren responsabilidades que houbesen de exercitarse sobre a garantía e transcurrido o prazo da mesma, no seu caso, dictarase acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

## 2.8.- Prórroga.

Os contratos de consultoría e asistencia e os de servicios non poderán ter un prazo de

vixencia superior a dous anos, se ben poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación e prórroga por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro ( 4 ) anos, nin estas poidan ser concertadas, ailladas ou conxuntamente por un prazo superior ó fixado orixinariamente

.

# 3.- ANEXO.

## MODELO DE PROPOSICIÓN

Don -----------------------------------------, con domicilio en --------------------------------- provincia de ---------, rúa -----------------número----------- e D.N.I. número--------------, en nome (propio), ou (da Empresa que representa)------------------------------------con C.I.F.----------- , enterado da invitación recibida o día ----- de ------- de--------- e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación dos traballos-----------------------------------------------------------------------------------provincia de ------------------comprométese a tomar ó seu cargo a execución das mesmas, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido:

| PRAZO EXECUC. | CANTIDADE EN LETRA | NUMERO |
|---|---|---|

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

Santiago de Compostela, a---------de------------------------de 20--

(Data e Sinatura do propoñente)